

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 17

SESION ORDINARIA (novembro) 1 DE DECEMBRO DE 2014

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, M^a Olga
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velo Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luis
Araújo Pereira, Marcos.
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTEN

Beiro Diz, Pablo (Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e sete minutos do día un de decembro do ano dous mil catorce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Alonso Suárez, Alvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e

segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno ordinario número 17 en sesión ordinaria convocada para o día de hoxe a continuación do Pleno extraordinario que xa rematou. A orde do día obra en poder das señoras e señores concelleiros, constatamos quórum, xa está aberta a sesión pública do Pleno anterior e antes de iniciar a orde do día do Pleno ordinario gardaremos un minuto de silencio en en memoria de dona Vanesa María Lage Carreira, policía nacional falecida o venres 28 na cidade de Vigo.

PARTE RESOLUTIVA

1(199).- ACTAS ANTERIORES: (SESIÓN ORDINARIA DO 29.09.2014).

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 29 de setembro de 2014.

(200).- INTERVENCIÓN DE REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES/AS DA EMPRESA LINORSA EN REFERENCIA A SÚA SITUACIÓN LABORAL (IMPAGO DE SALARIOS). EXPTE. 1015/1101

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro de 2014, número 1015/1101, os representantes das tres sindicais CC.OO, CIG e UXT presentan escrito solicitando a súa intervención no Pleno, para expoñer os impagos que están a sufrir tódolos traballadores da empresa LINORSA.

PRESIDENCIA: Que tomen asento os representantes que son dona Julia Reboreda Barcia, presidenta de Comité de Colexios Públicos e don Emilio Fernández

Rodríguez, presidente do Comité Provincial. Intervén só don Emilio Fernández Rodríguez, ten un tempo de cinco minutos.

SR. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Bos días a toda a Corporación municipal e todos/as os presentes. Moitas grazas por permitirnos falar neste Pleno, vouvos intentar explicar a situación na que nos atopamos os traballadores/as de Linorsa, a maioría mulleres con xornadas parciais moi pequenas, tendo en moitas ocasións que traballar en varios lugares para conseguir un salario decente. Dende o mes de xullo a empresa ten problemas cos abonos dos salarios, fixéronse prórrogas de pagamentos, coa gravidade que leva consigo iso para as familias.

O venres día 21 de novembro a empresa fíxonos unha proposta de pagos aprazados que levamos as respectivas asembleas para a súa aprobación, a maioría do persoal facendo uso dunha responsabilidade que outros non tiveron, asumimos a proposta, pagarannos as mensualidades de novembro e decembro e tamén do comezo do ano, non así Linorsa non nos pagará a metade do salario do mes do outubro nin o 70% da paga de Nadal, quedando unha débeda do 120% dos salarios, que nos din que pagarán en tres mensualidades a partires do mes xaneiro do 2015. Con esta proposta nos non arranxamos a nosa situación, é un parche no tempo para que Linorsa resolva o seu problema financeiro, o persoal de Linorsa xa non pode ser máis responsable, deixaremos de cobrar a paga de Nadal tan importante nestas épocas tendo que deixar de comprar agasallos para os nosos fillos/as.

A maioría dos traballadores facemos o noso servizo en concesións administrativas, como é este Concello de Vigo, que ten contrata a Linorsa para facer o servizo de limpeza dos colexios públicos, dependencias municipais e de Urbanismo. É inmoral que se as administracións pagan, Linorsa non o faga co seu persoal, pedimos a este goberno municipal que tome as medidas correspondentes para que se garanten os nosos salarios, porque somos cidadáns de Vigo, porque pagamos os nosos impostos, esiximos que os cartos públicos, que tamén son nosos, sexan utilizados correctamente.

O Concello pode pedirle a empresa que faga os pagos correspondentes en prazo, e se non é así que busque algunha forma legal para que o fagan. Tamén lle pedimos ao Concello que faga cumprir os pregos de condicións, para que non se eliminen postos e horas de traballo, que se a administración paga por un servizo hai que

esixir que o cumpra.

Coidamos que a empresa cumpra coa súa palabra senón fose así o Concello de Vigo terá que tomar unha determinación, nós financiamos á empresa pero ninguén nos financia a nós, moitas gracias.

A Alcaldía-Presidencia dá as gracias pola súa intervención ó Sr. Fernández Rodríguez.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós dende o Bloque Nacionalista Galego queremos trasladar o noso apoio as traballadoras de Linorsa na súa reclamación tan xusta como é a de cobrar polo seu traballo. Nunha situación de precarización do emprego, ademais traballan nun sector especialmente precarizado que afecta de maneira moi maioritaria a mulleres, que traballan xornadas como moi ben explicou o seu representante agora, traballan xornadas pequenas con salarios moi baixos e que ademais agora atópanse cunha situación na que non poden cobrar polo seu traballo. Neste caso non se pode dicir dende o Concello que sexa un conflito laboral entre traballadoras e empresa, porque é unha empresa que está traballando para unha administración pública, para o Concello, que ten que cumprir os pregos de condicións, e o Concello ten que asumir tamén a súa responsabilidade en garantir que as traballadoras cobren polo seu traballo, de feito, o primeiro momento no que a empresa negociou o pagamento coas traballadoras foi cando o Concello deu o paso de avisar á empresa de que tiña que facer fronte aos pagos dos salarios das traballadoras ou senón tomaríanse medidas, porque evidentemente o Concello pode tomar medidas fronte a esta situación e ten a obriga de facelo.

Nós esperamos que se resolva a situación, esperamos que as traballadoras cobren polo seu traballo, que é o que están reclamando e que isto se garanta tamén por parte do Concello tomando as medidas que sexa preciso tomar para que a empresa faga fronte a estes pagos que están reclamando agora mesmo as traballadoras.

SR. FIGUEROA VILA: Despois de escoitar aos representantes das traballadoras/es en calquera caso a nosa postura está clara dende hai tempo, primeiro os pregos de condicións están para cumprirse, é certo que parece que detrás de todo isto subxace unha situación económica difícil, nós o que pediríamos é que ese

compromiso, que parece que o traballador puxo aquí enriba da mesa, que hai coa empresa, que se faga un seguimento e que por parte do Concello se poida esixir ese cumprimento ao menos nese caso concreto do que parece que teñen pactado polo que eu acabo de entender, que hai unha serie de pagos aprazados que están comprometidos, pero en calquera caso Sr. Alcalde o que eu pediría é que se eses acordos, eses compromisos non se levan a cabo que o Concello poña tódolos seus mecanismos que ten posibles para que estes traballadores cobren, como non podería ser doutra maneira, tódolos seus salarios e por suposto, tódalas débedas que poida ter a empresa con eles. Eu creo que nesa liña terá o noso apoio tanto os traballadores/as como tamén o propio Concello, goberno e Alcalde. Se saíndo deste apuro que tamén están pasando supoño que a empresa e os propios traballadores que aquí o acaban de manifestar, pois entre todos somos capaces de que ese acordo se poida cumprir o antes posible e que os traballadores/as vexan satisfeito un dereito que teñen, que o teñen gañado, traballado, que o merecen e que polo tanto non hai ningunha outra cuestión que poidamos argumentar.

Polo tanto, imos ver se ese acordo se cumpre, se non se cumpre o Concello que dea os pasos que sexan necesarios e o Partido Popular estará disposto a apoiar ao Goberno e ao Alcalde no que faga falla para que se resolva definitivamente este tema.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: En nome da concellería de Educación, Sra. Alonso Suárez, e en nome da concellería de Servizos queremos trasladar que este goberno dende o primeiro día estivo en contacto cos traballadores, estivo preocupado e ocupado deste asunto, non só iso, compartimos e cremos que a descrición que fixo o don Emilio Fernández Rodríguez nesta sala foi realista, que cando dicía que é inmoral, compartímolo ao 100% este goberno e este goberno non só apoia estas medidas senón que como goberno aplicaremos a legalidade ata o último momento. O expediente que nestes momentos está aberto a esta concesionaria non se pechará ata que cobre cada unha das traballadoras e traballadores deste contrato o último céntimo, é dicir, o expediente que neste momentos está aberto, que acusa á empresa dunha falta grave, non se pechará ata que no mes de marzo cada unha das traballadoras teña satisfeitos tódolos seus salarios, porque cremos que os traballadores teñen o dereito e a empresa ten a obriga de satisfacer os seus

salarios de forma puntual, como ven reflectido no prego.

Nós, como concello, como administración somos a administración que mellor paga de toda Galicia, tendo nestes momentos os pagos por debaixo dos 30 días, e neste contrato rondando os 20 días. Vigo cumpre coas empresas, coas concesionarias e esiximos a estas concesionarias de forma contundente que cumpra coas traballadoras e cos traballadores dese servizo.

PRESIDENCIA: Déixeme que eu lles diga tamén as traballadoras/es de Linorsa que o noso compromiso con elas é total, porque son os seus dereitos, son os dereitos de traballadores/as que tódolos días fan nesta mesma casa pero en tantos edificios do ámbito do Concello, un traballo excepcional, por iso quero dicir que nós seremos os garantes de que cobren e o antes posible, cada último céntimo que se lles debe. Pero algo máis, temos que ser e imos ser os garantes de que esta situación non se volva a repetir nunca máis no futuro, e para isto abrimos un expediente de extrema gravidade á empresa, para que resolva de forma inmediata, e se non se produce esa resolución e ese cumprimento de pagar cada céntimo, non nos vai tremer o pulso en absoluto para continuar co proceso de sanción á empresa. E téñolles que dicir as traballadoras de Linorsa que ademais dos dereitos que lles asisten, que é o importante, tamén teñen o noso afecto porque cada mañá cando chegamos aquí as oito da mañá as primeiras persoas que atopamos son policía locais e traballadoras de Linorsa, por iso a nosa proximidade e garantía de que a empresa terá que cumprir coas súas obrigas; nós pagámoslle o día 30 de cada mes, por tanto dous días adiantados, eles teñen que pagar o día 1 de cada mes a tódalas traballadoras.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2(201).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO 25 DE NOVEMBRO “DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”. EXPTE. PLENO 1014/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de novembro,

número 1014/1101, a xefa do Servizo de Igualdade co conforme da concelleira delegada da Área e Presidenta do Consello Municipal da Muller, remiten a seguinte proposta da representante da asociación "Viudas Demócratas de Vigo" e membra do Consello Municipal da Muller, por acordo deste órgano.

A PRESIDENCIA: Acordada e asinada tamén polo grupo municipal do BNG e polo grupo municipal Socialista, que lerá a continuación dona Luz Iglesias Herrero.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO "25 DE NOVIEMBRE" "DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO"

Elaborada por Luz Iglesias Herrero da asociación *Viudas Demócratas*, en representación do Consello Municipal da Muller

Un ano máis, a piques de cumprirse dez anos da aprobación polo Pleno do Congreso de Deputados e Deputadas da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, impulsada polo Goberno Socialista, conmemoramos o Día Internacional contra a Violencia de Xénero, tendo que constatar que a violencia contra a muller persiste, aumenta o número de asasinatos e todas as demais formas de violencia: psicolóxica, económica, laboral, etc.

A Lei Integral supuxo unha aposta inequívoca pola loita contra a violencia de xénero, con tres obxectivos claros:

- prever a violencia de xénero, apoiar e protexer ás súas vítimas e filla e fillos menores
- perseguir aos agresores
- sensibilizar á sociedade española da necesidade de combater a violencia de xénero, xa que a resposta social é un dos elementos fundamentais para erradicar o problema.

Agora ben, a Lei Integral que é, sen dúbida, unha ferramenta necesaria nesta loita, non é suficiente. Afrontar a situación estrutural de desigualdade de xénero esixe medidas sociais, programas de axuda, garantías efectivas da igualdade de oportunidades, dotar de medios económicos e infraestruturas para realizar proxectos de educación, investigación e participación, que impliquen a mulleres e homes en modelos de relación baseados na igualdade, a corresponsabilidade e a colaboración.

O dereito penal non é, por si só, o instrumento adecuado para solucionar o problema da desigualdade de xénero. Urxe a necesidade de abordar a verdadeira causa do problema, a súa natureza ideolóxica. Unha cuestión de ideoloxía de xénero que afecta aos homes e mulleres desta sociedade.

Fronte a esta realidade, a Lei Integral está ameazada polo Goberno do PP, máis por motivos ideolóxicos que económicos. Recortes presupostarios en materia de igualdade, e de violencia de xénero en particular. Unha lei ameazada, tamén, polas sucesivas reformas lexislativas que atentan contra o seu espírito en boa parte do seu articulado, como son a Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro, para a mellora da calidade

educativa (coñecida como "Lei Wert") que, entre outras cousas, eliminou a materia de Educación para a Cidadanía, que formaba en valores ás futuras cidadás e cidadáns, como son o respecto á dignidade das persoas e a igualdade entre homes e mulleres, como a mellor medicina contra a violencia de xénero.

Igualmente a Lei 27/2013 de 27 de setembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, imposta polo Goberno do PP calificou como impropias as competencias que os Concellos e Entidades Locais viñan exercendo en Igualdade e contra a Violencia de Xénero, apartando aos servizos sociais municipais do seu labor de detección, denuncia e apoio específico.

Outras reformas impulsadas polo Goberno do PP, que atentan contra a Lei Integral son o Proxecto de Lei de reforma do Código Penal e o Proxecto de Lei do Estatuto de vítima do delito. E, nos Presupostos Xerais do Estado dos últimos exercicios, fóronse reducindo, ata un 22% as partidas destinadas á loita contra a violencia de xénero desde a chegada ao Goberno do PP.

Por todas estas razóns, faise necesario redobrar os esforzos contra a violencia de xénero, volvela a colocar como prioridade política e esixir que se restituía o sistema de protección para as vítimas e todos os recursos e medidas que se foron desmantelando nos últimos anos. E seguir creando as condicións sociais para un desenvolvemento humano igualitario."

PRESIDENCIA: Moitas gracias dona Luz Iglesias Herrero.

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1(202).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NA LEI DE CONTRATOS CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DO ANO 2014. EXPTE. 7296/540 (REXISTRO PLENO 1000/1101)

ANTECEDENTES.- O Tesoureiro municipal por escrito de data 27 de outubro de 2014, informa do que segue:

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

-Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

-Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

INFORME.-

I.- O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos).

II.- A estes efectos, o apartado 4º do artigo 216 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), modificado polas Leis 13/2014, de 14 de xullo, 11/2013, de 26 de julio, e Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, establece que:

“4. A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4, e se se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que haxa lugar ao inicio do cómputo de prazo para a remuneración de intereses, o contratista deberá de ter cumprido a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días dende a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido nos artigos 222.4 e 235.1, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación, sempre que non sexa manifestamente abusivo para o acredor no sentido do artigo 9 da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

En todo caso, se o contratista incumprise o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo, a remuneración de intereses non se iniciará ata

transcorridos trinta días dende a data de presentación da factura no rexistro correspondente, sen que a Administración aprobese a conformidade, se procede, e efectuado o correspondente aboamento.”

Neste sentido, o artigo 222.4 da LCSP, relativo ó cumprimento dos contratos, dispón que:

“4. Agás nos contratos de obras, que se rexerán polo disposto no artigo 235, dentro do prazo de trinta días a contar dende a data da acta de recepción ou conformidade, deberá acordarse e ser notificada ao contratista a liquidación correspondente do contrato, e aboárselle, se é o caso, o saldo resultante. Non obstante, se a Administración Pública recibe a factura con posterioridade á data en que ten lugar a devandita recepción, o prazo de trinta días contarase dende que o contratista presente a citada factura no rexistro correspondente. Se se producise demora no pagamento do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.”

E, por fin, no parágrafo 2º do apartado 1º do artigo 235 da LCSP, en relación ó cumprimento do contrato de obras, establécese un prazo máximo de tres meses, contados a partir da recepción da obra, para que o órgano de contratación aprobe a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo de trinta días previsto no artigo 216.4.

III.- O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou unha guía para a elaboración dos informes trimestrais que as entidades locais han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio (<http://www.minhap.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/GuíaMorosidad.pdf>) , que dispón que os informes, referidos ao último día de cada trimestre natural, haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo. Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- a) Pagamentos realizados no trimestre.
- b) Intereses de demora pagados no trimestre.
- c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

A citada guía establece expresamente que deben incluírse no informe as facturas litixiosas e, no seu caso, os gastos sometidos a convalidación.

IV.- A Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas emitíu o 15 de xaneiro de 2014 unha Nota

relativa á aplicación da disposición transitoria 10ª da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración local, na que expón que para o cálculo do período medio de pagamento a provedores teranse en conta os seguintes criterios: *“Entenderase por número de días de pagamento no ratio incluído naquela Guía, os días transcorridos dende a data de inicio da obriga de pagamento, de acordo co previsto nos artigos 216.4, 222 e 235 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro ou no artigo 4 da Lei 3/2004, de 29 de decembro, segundo corresponda (con carácter xeral, nun prazo de 30 días dende a data do recoñecemento da obriga, que, á súa vez, deberá terse producido nun prazo máximo de 30 días dende a recepción da factura ou solicitude de pagamento equivalente), e a data de pagamento material. Entenderase por número de días pendentes de pagamento no ratio incluído naquela Guía, os días transcorridos dende a data de inicio da obriga de pagamento, de acordo co previsto na LCSP ou a lei 3/2004 segundo corresponda, ata o día 31 de decembro de 2013.”*

En definitiva, que terase en conta como número de días de pagamento para o cálculo do período medio de pagamento a provedores, os días transcorridos dende o data do recoñecemento da obriga ata a data do pagamento efectivo ou material, seguindo as instrucións emanadas polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

V.- En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigacións correspondentes ao 3º trimestre do exercicio 2014 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigacións pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo.

Resumo das principais magnitudes contidas no informe:

a) Pagos realizados no trimestre.

Dentro do período legal de pago:

-Número de pagos: 1.902
-Importe total: 25.739.152,90 euros

Fora do período legal de pago:

-Número de pagos: 27
-Importe total: 147.674,36 euros

Período medio de pago (PMP): 12,04 días

O “*Periodo medio de pago*” dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de

días media que se tardou en realizar os pagamentos.

Período medio de pagamento excedido (PMPE): 26,13 días

O "Período medio de pagamento excedido" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pagadas fora de prazo excederon do prazo legal.

b) Intereses de demora pagados no trimestre.

-Número de pagos: 0

-Importe total de intereses: 0,00 euros

c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Dentro do período legal de pago:

-Número de operacións: 274

-Importe total: 2.775.024,69 euros

Fora do período legal de pago:

-Número de operacións: 5

-Importe total: 15.161,37 euros

Período medio do pendente de pagamento (PMPP): 7,80 días

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días media de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Período medio pendente de pagamento excedido (PMPPE): 30,71 días

O "Período medio do pendente de pagamento excedido" a final do trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pendentes de pagamento ao final do trimestre excederon do prazo legal.

d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

-Número: 0

-Importe total: 0 euros

Período medio de operacións pendentes de recoñecemento (PMOPR): 0,00 días.

O "Período medio de operacións pendentes de recoñecemento" a que se refire o apartado 4 do artigo quinto da Lei 15/2010, é o indicador do número de días media de antigüidade destas operacións."

A comisión informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, en sesión do 17 de novembro, tomou coñecemento de todo o anterior.

DEBATE:

SRA. SILVA REGO: Neste punto da orde do día teño que informarlles a todos vostedes, membros da Corporación e aos cidadáns de Vigo sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do Concello, no anterior informe presentado neste Pleno comentaba que ía ser imposible mellorar os datos de pagamento a provedores, pois ben, o que parecía imposible de novo é unha realidade. No terceiro trimestre do ano 2014 o período medio de pago foi de 12,04 días, se o que temos en conta son os criterios económicos do Real Decreto 635/2014, situariámonos nun período medio de pago de -9,95 días. Unha vez máis, estes novos datos constitúen o máis baixo dende a entrada en vigor no ano 2010, da normativa pola que se establece medidas de loita contra a morosidade, 12,04 días ou -9,95, son uns datos excelentes, non poden ter outra cualificación, excelentes. O mellor do conxunto das administracións, do Estado, das Comunidades Autónomas e do conxunto dos concellos de España, ninguén fai fronte as súas obrigas con esta eficacia.

Facelo así é importante para a economía da nosa cidade, permite que as empresas non teñan que recorrer a créditos, poidan manter a actividade e o emprego tal e como veño comentando reiteradamente cada vez que presentamos este informe.

Isto é ao que nós, goberno local, nos importa de verdade, ser moi eficaces no pago das nosas obrigas para que as empresas, sobre todo as pequenas e medianas, poidan manter a súa actividade e para que non se vexan obrigadas en moitas ocasións a pechar as súas portas e despedir a traballadores. Pagar en prazo evita grandes dificultades á economía local, evita que as empresas teñan que asumir custos que dificultan as súa viabilidade, permite que podan facer proxeccións económicas de futuro, investimentos e manter o emprego incluso aumentalo.

Noutras administracións a morosidade fai perigar a existencia das empresas,

segundo o último informe de setembro de 2014, do observatorio da Asociación española de traballadores autónomos, as administracións no seu conxunto tardan en pagar as facturas 111 días, a administración central, que goberna o Sr. Rajoy, tarda 37 días, sete por enriba do que establece a lei, as comunidades autónomas pagan nunha media de 130 días, cen por enriba da norma legal, e os concellos en 92 días, 62 máis do establecido. Se isto que lle recalco no fora suficiente, quero destacar ademais que no noso concello non existe ningunha factura pendente de tramitar e que non tivemos que pagar ningún interese de demora, nin un céntimo de euro de demora, isto tampouco ocorre na gran maioría dos concellos. Fai uns días o Ministerio de Facenda deu a coñecer os datos de cumprimento da Lei de morosidade en Galicia, a incumpren 63 concellos, 19 na provincia de Pontevedra, 17 na de A Coruña, 10 na de Lugo e 17 na de Ourense, saben pola contra, quen era a cidade que antes abonaba as súas obrigas? Vigo, si. Vigo era o Concello que antes pagaba aos seus provedores. Eu espero que nas intervencións dos grupos da oposición recoñezan esta extraordinaria realidade, somos o Concello que mellor xestiona as súas contas, o que paga con máis rapidez aos seus provedores e o que ten a débeda máis baixa, somos o Concello, e dígo alto e claro, que pode dicir aos seus representantes, as veciñas/os, que a xestión económica a tódolos niveis é francamente extraordinaria. Dende a humildade quero dicir que estamos moi orgullosos de xestionar desta boa forma a economía do Concello, porque ao fin de contas o que supón é que o Goberno Local é un instrumento de apoio á economía da cidade e ademais estes datos poñen a Vigo como un exemplo no conxunto do Estado.

SRA. VELOSO RÍOS: Non nos sorprende a intervención da Sra. Silva, efectivamente segue na liña das intervencións referidas a este tema nos últimos tempos, así que no Bloque Nacionalista Galego tampouco imos sorprender e imos seguir na mesma liña. Fala vostede do prazo de tempo no que pagan as facturas ás empresas e fai unha relación directa entre o pago das facturas das empresas e a situación dos traballadores/as, a min paréceme que nun día no que tivemos que escoitar aos representantes das traballadoras de Linorsa é un pouco ousado de máis facer esa relación directa, é evidente que nas empresas da nosa cidade os traballadores/as están sufrindo a precarización laboral, están sufrindo o non pagamento das

nóminas, independentemente de que este Concello pague máis rápido ou menos rápido. De tódalas maneiras na teoría estamos de acordo, a teoría está moi ben, pero non se colguen medallas que non lles corresponden, en todo caso limitémonos a valorar que se pagan en 12 días pero non digamos que gracias a iso os traballadores/as da nosa cidade non están atravesando dificultades porque obviamente non é certo e hoxe viñeron dicírnolo, precisamente aquí a este Pleno. Por outra banda, nos insistimos en que nos parece moi ben en que se coide ás empresas desta cidade que traballan para este Concello, pero a nós encantaríanos que se coidase aos cidadáns/ás, encantaríamos que aqueles cidadáns/ás que teñen reclamacións contra este Concello, que son recoñecidas, non tivesen que agardar meses para cobrar o que lle corresponde, encantaríamos que as entidades sen ánimo de lucro que depositan fianzas para celebrar eventos nesta cidade non tivesen que agardar meses para que se lles devolvan, e encantaríanos que unha persoa que ten que solicitar unha axuda de emerxencia tivese cita na traballadora social en 12 días, non en mes e medio, que aplicasen os mesmos prazos de pagamento das facturas ás empresas para atender á xente que necesita cartos para comer, a nós encantaríanos, entón si que a felicitaríamos, entón si que recoñeceríamos a boa xestión económica deste Concello, de momento, imos recoñecer que se pagan as facturas en 12 días, nada máis.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sra. Silva, hai un e dous anos cando o Goberno municipal, eu creo que era o mesmo que hai hoxe, vostedes xa presumían de xestión económica, presumían de xestión económica pero Vigo era dos Concellos que máis tarde pagaba de España. A metade das facturas pagábanse fora de prazo e o período medio de pago era 126 días, iso hai ano e medio, cando era o mesmo Goberno que o de agora e presumían igual que agora de boa xestión económica. O Partido Popular cando dicíamos que Vigo pagaba mal, era que Vigo pagaba mal, dende o Partido Popular non vai atopar nunca nin indicio de demagogia cando falamos das constas municipais, porque a nós as contas gústannos, como sempre lle digo moi claras, porque sempre lle dicía o mesmo, que detrás deses atrasos de 126 días que había hai ano e medio, pois sempre hai situacións moi complicadas de autónomos e de PIMES que tiñan que ingresar o IVE dunhas facturas que tardaban seis meses en cobrar, cando a lei obrigaba a pagar en 30 días. Iso é así,

Sra. Silva, 126 días de pago hai ano e medio e por iso, hoxe tamén recoñecemos que se mellorou moito, evidentemente, e é xusto recoñecelo e por iso é tamén xusto agradecer aos técnicos municipais a súa xestión pola cal os felicitamos, sobre todo da área económica aos cales dende o Partido Popular de Vigo felicitamos.

Porque é así como entendemos a política dende o Partido Popular, cando as cousas van mal hai que dicilo e cando as cousas van ben hai dicir que van ben e por que. Facemos o que temos que facer de forma responsable e se hai un ano falabamos de que había moito descontrol nas contas Sra. Silva, é que había moito descontrol nas contas. Pero Sra. Silva, non se atribúan vostede os méritos, porque detrás desta mellora da xestión económica das administracións están as reformas do Partido Popular e do Sr. Montoro, detrás destas melloras está o control do Partido Popular en Madrid para embridar o descontrol que vostedes deixaron cando gobernaban e cando gobernaba o Sr. Zapatero, o Partido Popular en Madrid resolveu tódolos problemas que había coas contas a nivel nacional, a Lei de estabilidade, a Lei de transparencia, que impulsou tamén o Partido Popular, a Lei de racionalización e sostibilidade da administración local, a Lei de control de débeda comercial no sector público e a Lei de factura electrónica que vostede sabe ben que vai entrar en vigor o ano que ven, todas estas leis non existían cando vostedes gobernaban en Madrid, e forman parte das reformas que fixeron que tódalas administracións, a central do Estado, as autonómicas, as deputacións e os concellos teñen que facer os deberes, teñan que pagar en prazo, porque estas son as reformas que eliminan trabas, que eliminan o exceso de burocracia e que fan dunha xestión máis eficiente das administracións.

Pero unha cousa é pagar as facturas en prazo, faltaba máis, e outra cousa é a xestión do Concello da cal falaremos no estado de execución da Tesourería no punto que ven. Lémbrolles que vostedes tiñan máis de catro millóns de euros sen pagar en facturas nos caixóns, que vostedes negaban, que aínda non deron explicacións dos máis dos 80 millóns de euros que sen ningún control fiscal estiveron pagando dende o ano 2008, lémbrolles os máis de 175 contratos menores que dende Alcaldía se formalizan ao ano, eses que son menos de 18.000 euros, que o Alcalde os dá a dedo, sen ningún control, máis de 175 contratos menores. Polo tanto, un pouco menos de vaidade e un pouco máis de humildade que coas contas non se debe facer demagogia.

SRA. SILVA REGO: Sr. Fidalgo, en serio, de verdade, dende o cariño téñolle que dicir que a súa intervención é terrible, todo mentiras, falsidades, sabe de onde había moitas facturas metidas nos caixóns, as que deixou a Sra. Porro, saben quen lle pode falar moito de dedos e de sobres? O Sr. Montoro fixo unhas leis tan extraordinarias que obrigan aos concellos a pagar en prazo, que o Concello de Cádiz que goberna o Partido Popular sabe canto tarda en pagar facturas? 259,47 días, hoxe coas leis dese gran ministro o Sr. Montoro, e sabe canto tarda Valencia que tamén goberna o Partido Popular? 69,86 días, e Murcia que tamén goberna o Partido Popular 57 días, pero imos un pouco máis preto, Mos: 55,21 días, goberna unha alcaldesa do Partido Popular, Marín: 81 días, a Cañiza: 45 días, Porriño: 34,96 días, Pontearreas: 46,34 días, Sanxenxo: 36,14 días, claro o goberno de Vigo que paga en 12 días non ten mérito, o mérito teno a alcaldesa de Cádiz que paga en 256 días.

Sra. Veloso, o outro día saían estas informacións de Facenda e presumía o Sr. Lores, Alcalde de Pontevedra, do bo que é para a economía, para as empresas de Pontevedra e para os traballadores pagar en prazo a provedores, dicíao o Sr. Lores e presumía el segundo eses datos, paga en -0,56 días, e este goberno en -9,95, claro se o di o Sr. Lores é bo para Pontevedra, alí si que favorece aos traballadores e ás empresas, si é o Alcalde Abel Caballero que ten nove días por enriba de pagamento do que ten Pontevedra entón nós non defendemos aos cidadáns. Sra. Veloso se alguén defende aos cidadáns desta cidade como nós, tanto é así que o novo candidato do Bloque Nacionalista Galego di que eles si van estar máis preto dos cidadáns, será porque el cre que vostedes non estiveron, porque agora si que di que van estar. Nós, Sra. Veloso, non quero falar de cousas que sabe todo o mundo, temos o apoio dos cidadáns, se ata as enquisas dino con toda a claridade, Sra. Veloso non se engane.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.2(203).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DO 2014. EXPTE 102428/140 (REXISTRO PLENO 1001/1101)

ANTECEDENTES.- O interventor xeral municipal, por escrito de data 30 de outubro de 2014, informa do que segue:

"Asunto: Estado de Execución do Estado de Gastos e Ingresos do orzamento correspondente ao Terceiro Trimestre do 2014, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 105 da ORDEN EHA 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2014, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que "Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación".

A información que se remite corresponde ao terceiro trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de setembro de 2014.

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

Axúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos que se deducen dos estados consolidados, recollendo estes a información da Entidade e dos seus organismos autónomos, Xerencia Municipal de Urbanismo, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Instituto Municipal dos Deportes e Escola Municipal de Artes e Oficios.

Tamén forma parte da liquidación ao 30/09/2014, a recadación e pagamentos de pechados dos estados consolidados.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítense o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final. Estes estados refírense exclusivamente á Entidade Local

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a

situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final da entidade local.

Axúntase igualmente un estado consolidado relativo a recadación e pagamentos tanto de orzamento corrente como de pechados.”

No expediente figuran os cadros contables debidamente dilixenciados por esta Secretaría Xeral do Pleno

A Comisión Informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, en sesión do 17 de novembro, tomou coñecemento de todo o anterior.

DEBATE:

SRA. SILVA REGO: Xa o Sr. Fidalgo anuncioume que non sei que cousa vai dicir, tamén lle digo Sr. Fidalgo que logo da súa intervención eu tamén teño moitas cousas e datos que darlle, sobre de como xestionamos nós e como xestionan outras administracións, como executan o Orzamento, e teño algunha xoia que xa lles anuncio aos veciños de Vigo que vou contar na réplica, agora vou dar conta da execución do Orzamento do 3º trimestre do ano 2014, pero logo teño unha xoia que lles vou regalar aos veciños de Vigo.

Da lectura dos datos desta execución do 3º trimestre do 2014 pódese afirmar que en relación aos gastos os índices de execución están sendo moi similares aos correspondentes aos exercicios anteriores, nós que a execución estivo por enriba do 95%, neste caso tamén vai estar.

No que se refire a previsión de ingresos quero afirmar que a liquidación vai estar por enriba do 100% como xa estivo nos últimos seis anos, desta forma e como ven ocorrendo dende que gobernamos, queremos transmitirlle as viguesas/es que as contas do seu concello seguen a ser moi positivas, por humildade non quero dicir óptimas, pero o certo que tendo en conta como se comportan as demais administracións este sería o cualificativo. Non quero deixar de lembrar que este Orzamento do 2014 aprobouse en xuño, e por iso poder dicir que imos ter unha porcentaxe tan alta de execución ao final do ano é case unha milagre, pero non

quero falar de frialdade das cifras, senón do significado para a vida das nosas veciñas/os.

Executar o Orzamento significa que tódalas nenas/os da nosa cidade teñen becas de comedor, non ocorre en ningún outro concello de Galicia, que as persoas que máis o necesitan teñen cubertas as súas necesidades de vivenda, alimentación e para facer fronte ao custe da luz, auga ou gas, ningún outro concello de Galicia o ten. Significa que as situacións de emerxencia que sofren as persoas máis vulnerables están cubertas pola actuación deste goberno, significa que na nosa rúas non hai persoas que dormen a intemperie porque hai un albergue onde son atendidos con toda a dignidade, significa que as mulleres de Vigo e de toda Galicia que sofren maltrato, son atendidas por este Concello, significa que os nosos plans de empregos teñen xerado máis de 1.000 empregos, e que as políticas “keynesianas” que desenvolvemos teñen xerado miles de empregos. Se a Deputación, a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado fixeran isto que facemos nós, en Vigo habería a metade de desempregados, significa que os rapaces desta cidade poden ir estudar inglés a Inglaterra, habería que estar estes días no aeroporto despedíndoos, vendo como as súas familias e os estudantes sentíanse tan ledos de poder ir estudar un idioma, o inglés, que lles vai permitir ter un mellor futuro.

Este Orzamento do ano 2014 permite tamén que sexamos o concello que máis inviste en políticas sociais, educativas, culturais, medio ambientais, este Orzamento permite que en Vigo non haxa barrios, rúas e parroquias de segunda ou terceira, todas son de primeira. Con estes orzamentos, e con este en particular, estamos facendo unha revolución urbana como nunca se tiña feito na nosa cidade, e todo isto ademais acompañado de que somos o único concello de Galicia que baixou os impostos, os demais como moito os conxelaron.

Non se poñan nerviosos señores do Partido popular, a lectura dos xornais de onte non lle debeu de gustar que os vexo hoxe alporizados, tranquilícenseme.

En definitiva, a execución do Orzamento vai ser como sempre por enriba do 95%.

SRA. VELOSO RÍOS: Dende logo pode presumir a Sra. Silva de que a humilde, a vostede non a gaña ninguén e que está ben contenta e satisfeita coas enquisas que deron onte, normal, creo que o Sr. Lores en Pontevedra tamén debe estar, non

o chamei para preguntarlle porque temos bastante menos contacto con Pontevedra que vostede, pero debe estar tamén moi contento.

Está falándose da execución dos Orzamentos e resulta simpático, resulta curioso ver como se pelexan o Partido Popular e o Partido Socialista polos méritos, para que logo nos digan que non son o mesmo, que non houbo pacto, que o Orzamento non recolle as políticas do Partido Popular. Pois agora mesmo está véndose claramente que están intentando colgarse os mesmos méritos o Partido Popular e o Partido Socialista porque efectivamente os Orzamentos foron pactados e son os Orzamentos tamén do Partido Popular, iso é o que hai e hoxe estano demostrando.

Pero falando da execución dos Orzamentos, imos falar da execución de determinadas partidas porque presume vostede de que non hai ningún neno sen bolsa de comedor, eu quero lembrar que a execución dos Orzamentos fixo que as bolsas de comedor non estivesen resoltas tódalas solicitudes cando empezou o curso, ou acaso non é certo que comezou o curso e había nenos/as que non se podían quedar no comedor porque aínda non estaba resolta a súa

solicitud de comedor e as súas familias non podían pagarlle o comedor. É certo ou non é certo? Non é certo que mesmo no informe de Intervención había unha advertencia de que se superaba o prazo legal para responder ás solicitudes de bolsas de comedor, e aínda houbo que facer unha nova resposta á solicitud de bolsas de comedor, non había tamén unha advertencia de Intervención no informe das axudas sociais do famoso cheque social para vivenda, para electricidade, alimentación de que se superara o prazo legal. Estanse tardando meses e meses de máis, mesmo superando os prazos legais en responder ás demandas da cidadanía para as necesidades máis básicas e iso é o que nos preocupa da execución destes orzamentos, xa que vostede fala de que non quere falar de números, di que queren demostrar a súa sensibilidade, nós lembrámoslle cales son os problemas de execución destes Orzamentos para ver se é certo que teñen sensibilidade ou o único que teñen é discurso electoral, aproveitando o tirón dunhas enquisas que si se ve que lle gustou moito. Pero dende logo deberían adicarlle un pouco máis de tempo a resolver os problemas de execución que teñen estes Orzamentos.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Eu quero dicir en primeiro lugar, que gracias ao Partido

Popular, Sra. Silva, vostedes teñen Orzamento en 2014 e vostedes poden presumir de despedir a eses nenos/as que ían estudar a Inglaterra, iso é gracias ao Partido Popular de Vigo e ao noso voto responsable de apoio ás constas municipais, cousa que lle digo máis, volveríamos a facer, por responsabilidade, se estes señores que temos aquí detrás lles deixaron tirados, a cidade non ten a culpa, nós estamos traballando polo ben de Vigo que era apoiar uns orzamentos que facilitasen baixar impostos que vostedes dicían que non se podía facer, que facilitasen que se puidera abrir o ano que ven o novo hospital de Vigo, que se puidera poñer en marcha a cidade da Xustiza, o transporte metropolitano e moitas outras cousas máis que imos a seguir esixíndolles para que cumpran co acordado, iso en primeiro lugar. Vostede fala de xoia, que vostede nos vai dicir agora na réplica, eu xa lle adianto, fala de Cádiz, Murcia, de Valencia, pero vostedes teñen unha xoia aquí en Bembrive, unha xoia que xestiona moi ben as contas, moi ben entre comiñas porque teñen miles e miles de euros de pagos sen nin sequera facturas, por iso anda con problemas coa xustiza, esas son as xoias que vostedes teñen non en Murcia, nin en Parla, nin en Valencia, nin en Cádiz, dentro da cidade de Vigo.

O pasado mes de outubro o Alcalde nun almuerzo informativo arrancaba a súa conferencia dando unha lección maxistral, utópica de teoría, do que é profesor el que é de teoría económica, maxistralmente utópica, elixiu un médico para que o presentase, quizais porque pense que é un médico o que poida resolver os problemas de enfermidade que ten a cidade de Vigo, porque Vigo ten unha enfermidade que é a falla de postos de traballo, o Sr. Alcalde prometeu e chegou ao Concello dicindo que ía xerar pleno emprego, que ía poñer un cartel aí na entrada, na praza do Rei, dicindo que “en Vigo, paro igual a cero”, pois non hai paro igual a cero, hai máis dun 25% de paro na cidade de Vigo, esa é a principal enfermidade, non sei se o médico que lle presentou no almuerzo informativo vai axudalo a arranxar esta enfermidade, écheselle a boca de falar de Keynes, de Stiglitz, de Samuelson, de Hayek, hai máis economistas que vostede Sr. Alcalde, Friedman, Krugman, e premios Nobel, e fala moito de que o estado ten que intervir, que o sector público ten que xerar a demanda na economía, esa falacia na que se enche a boca en dicir iso pero logo cando ten responsabilidade de goberno e vímolos coas empregadas de Linorsa, o que fai son políticas ultraliberales, de privatización absoluta porque Vigo ten absolutamente todo privatizado. Eu agradezo a

responsabilidade dos traballadores/as de Linorsa, pero non é de recibo que vostede que fala de sector público e de incentivar a demanda, este contratando con empresas privadas esa xestión, que nós estamos pagando á empresa privada e que esta non lle pague as traballadoras/es, pero iso onde se viu? Esas son as políticas de esquerda, de Keynes, Stiglitz, de Krugman, Samuelson, de Hayek, son esas Sr. Alcalde? Eu de verdade que non o entendo, o Sr. Abel Caballero privatizador o primeiro.

Logo cando fala, imos falar da execución do Orzamento, porque fala da execución do Orzamento pero só se gastaron 15 euros, só executaron 15 de cada 100 euros en investimentos porque ao final si, pagar as nóminas as pagan, evidentemente dos funcionarios municipais, pero para executar o Orzamento a diferenza entre unha boa xestión e unha mala xestión é realizar os investimentos, por iso tódolos vigueses/as pagamos os nosos impostos para que execute o Orzamento, non hai nin rastro dos investimentos do ano 2013, xa non falo de Marqués de Valterra, etc. do 2014 non empezou ningunha, nin Rosalía de Castro, nin María Berdiales, nin a Casa do Patín, nin a rúa Gerona, ningunha e estamos a 1 de decembro, así é moi fácil cadrar as contas.

PRESIDENCIA: Dende que se dan os premios Nobel déronse 75 premios Nobel de economía. Eu tiven a fortuna de traballar probablemente con máis de 15.

SRA. SILVA REGO: De verdade, creo que nin sequera sería necesario intervir nesta réplica para que as viguesas/es se deran conta de que oposición hai neste Concello, neste Concello non hai oposición, falan por non estar calados, non saben do que falan, pero a xente sábeo e por iso uns e outros perden tanto apoio, a cidadanía non cre en vostedes, vostedes falan por falar, traballan pouco, están pouco coa cidadanía, non teñen nin unha idea, non presentan nada, todo o que presentan é o contrario do que fan alí onde gobernan, a xente xa os coñece e a nós tamén, e saben que esta cidade nunca estivo tan ben xestionada, nunca, sobre todo para aquelas zonas da cidade que estiveron sempre abandonadas e que hoxe forman parte das nosas prioridades e para aquelas persoas que peor o están a pasar.

Sra. Veloso, vostede non pode aquí dar ningunha lección de nada porque vostedes

aprobaron con nós os Orzamentos e mire había menos partidas para políticas sociais que neste, de que está vostede a falar? Vostedes impediron que os rapaces de Vigo puideran ir a Inglaterra porque estaban en contra das bolsas de inglés, porque moitos dos militantes do Bloque Nacionalista Galego teñen cartos e mandan aos seus fillos a Inglaterra, non queren que os traballadores e clases medias vaian. Vostedes impediron que nesta cidade houbera parques infantís, que son tan importantes para o desenvolvemento educativo dos rapaces, non quixeron que estiveran nos orzamentos, de que están a falar?. Logo, vostede esixe din aquí o que non fai onde gobernan, non lle cre ninguén.

Sr. Fidalgo, Vigo ten todo privatizado porque vostedes e os anteriores gobernos privatizaron todos os servizos, este goberno non privatizou nin un só servizo, e os cidadáns sábeno, os privatizaron tódolos gobernos anteriores. En particular eu entendo Sr. Fidalgo que vostede teña envexa, o Goberno Local chega a preto do 100% da execución, o Estado o 70%, Galicia en setembro deste ano leva un 30,28% de execución, pero o máis grave e que o IGAPE onde vostede traballa, no 2013 tivo un 25% de execución, de cada 4 euros 3 non se executaron, 70 millóns sen executar, vostede que traballa alí como se atreve a falar de execución de Orzamentos, nós o 100%, vostede o 25%, aprenda un pouco.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.3(204).- DENOMINACIÓN DE SEIS RÚAS DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VALADARES (MANGUELA, CABREIRO, MOSCABEIRA, REGUEIRO DO FORNO, SARAMIL, CARBALLESES). EXPTE. 14398/331 (REXISTRO PLENO 1009/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 12 de novembro de 2014, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, emite o seguinte informe-proposta,

“O decreto da Alcaldía do Concello de Vigo de 29 de xullo de 2014, acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014), de delegación de competencias nos concelleiros, establece na Área de Cultura, Festas e Museos a competencia seguinte, entre outras:

“13. Elevar ao Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais instruíndo, a estes efectos, os expedientes correspondentes.”

Polo exposto propónse ao Pleno da corporación,”

Deseguido o concelleiro delegado formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión extraordinaria e urxente do día 18 de novembro de 2014, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Denominar as rúas do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo (Valadares e Beade) cos nomes de: Manguela; O Cabreiro; e A Moscabeira; Regueiro do Forno; Saramil e dos Carballese coa ubicación que figura grafiada no expediente.

Segundo.- Incluír as denominacións citadas no rúeiro do Concello.

3.4(205).- CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE RÚA NA PARROQUIA DE NAVIA, RÚA DO RIO POR RÚA LAXIELAS. EXPTE. 14705/331 (REXISTRO PLENO 1010/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 12 de novembro de 2014, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, emite o seguinte informe-proposta,

O decreto da Alcaldía do Concello de Vigo de 29 de xullo de 2014, acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014), de delegación de competencias nos concelleiros, establece na Área de Cultura, Festas e Museos a competencia seguinte, entre outras:

“13. Elevar ao Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais instruindo, a estes efectos, os expedientes correspondentes.”

Polo exposto propónse ao PLENO da corporación...”

Deseguido o concelleiro delegado formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión extraordinaria e urxente do día 18 de novembro de 2014, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Denominar “Rúa Laxielas” ao tramo comprendido entre o nº 16 da rúa do Río ata o número 57 da rúa Redondos da parroquia de Navia.

Segundo.- Incluír as denominacións citadas no rúeiro do Concello.

3.5.(206)- DENOMINACIÓN DE PARQUE EN CHANS-BEMBRIVE COMO PARQUE DO GALLEIRO. EXPTE. 14343/331 (REXISTRO PLENO 1011/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 12 de novembro de 2014, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, emite o seguinte informe-proposta,

“O decreto da Alcaldía do Concello de Vigo de 29 de xullo de 2014, acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014), de delegación de competencias nos concelleiros, establece na Área de Cultura, Festas e Museos a competencia seguinte, entre outras:

13. Elevar ao Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais instruíndo, a estes efectos, os expedientes correspondentes.

Polo exposto propónse ao PLENO da corporación...”

Deseguido o concelleiro delegado formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión extraordinaria e urxente do día 18 de novembro de 2014, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- A denominación do “PARQUE DO GALLEIRO” no camiño da Área de Lecer, lugar de Pouso, barrio de Chans en Bembrive, así como a súa inclusión no rueiro do Concello.

3.6(207).- DENOMINACIÓN DA ZONA DE LECER EN MOSTEIRO-BEMBRIVE COMO PARQUE DA PONTE. EXPTE 14636/331 (REXISTRO PLENO

1012/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 12 de novembro de 2014, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, emite o seguinte informe-proposta,

“O decreto da Alcaldía do Concello de Vigo de 29 de xullo de 2014, acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014), de delegación de competencias nos concelleiros, establece na Área de Cultura, Festas e Museos a competencia seguinte, entre outras:

“13. Elevar ao Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais instruíndo, a estes efectos, os expedientes correspondentes.”

Polo exposto propónse ao PLENO da corporación...”

Deseguido o concelleiro delegado formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión extraordinaria e urxente do día 18 de novembro de 2014, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- A denominación da zona de lecer próxima ao río Mosteiro situada no barrio de Mosteiro (Bembrive) como “Parque da Ponte”, así como a súa inclusión no rueiro do Concello.

3.7(208).- DENOMINACIÓN DO PARQUE SITUADO NOS ANTIGOS CUARTEIS

DE BARREIRO NA RÚA RAMÓN NIETO COMO PARQUE DE BARREIRO. EXPTE. 14419/331 (REXISTRO PLENO 1013/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 12 de novembro de 2014, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, emite o seguinte informe-proposta,

“O decreto da Alcaldía do Concello de Vigo de 29 de xullo de 2014, acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014), de delegación de competencias nos concelleiros, establece na Área de Cultura, Festas e Museos a competencia seguinte, entre outras:

“13. Elevar ao Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais instruíndo, a estes efectos, os expedientes correspondentes.”

Polo exposto propónse ao PLENO da corporación...”

Deseguido o concelleiro delegado formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión extraordinaria e urxente do día 18 de novembro de 2014, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- A denominación de “Parque de Barreiro” ao parque situado nos antigos cuarteis de Barreiro na rúa Ramón Nieto, así como a súa inclusión no rúeiro do Concello.

4.- PROPOSICIÓN MENCIONADA NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

4.1(209).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DOS GRUPOS MUNICIPAIS INSTANDO AO GOBERNO GALEGO A PARALIZAR CAUTELARMENTE A CONCESIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO HOSPITAL DO MEIXOEIRO. EXPTE. 1017/1101.

Por consenso dos grupos municipais, acórdase o seguinte:

Instar ao goberno galego a paralizar cautelarmente a concesión do servizo de mantemento do Hospital Meixoeiro cos seguintes obxectivos:

1. Garantir a calidade do servizo nas condicións que viña realizándose até o momento.
2. Garantir a continuidade do servizo e os postos de traballo de todo o persoal de mantemento do Hospital do Meixoeiro cando entre en funcionamento o novo hospital de Vigo.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓN:

5.1.(210)- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO Á MODIFICACIÓN DA LEI DO IMPOSTO DO VALOR ENGADIDO. EXPTE. 993/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de outubro de 2014, número 993/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido

Popular, Sr. Álvarez Pérez, formula a seguinte,

MOCIÓN:

A actual crise económica que vivimos dende o ano 2009 ten deixado un impacto moi forte na conta de resultados das empresas de Galicia e por suposto nos traballadores e nas economías domésticas. A desaceleración do consumo interno provocou un desequilibrio na economía do estado, reducindo os ingresos efectivos e provocando un axuste acelerado dos gastos.

E sabido que unha das vías da recuperación económica e para obter un superávit da balanza de pagos e incentivar as empresas a exportar, dese xeito, ábranse novos mercados e se diminúe a dependencia actual do consumo nacional ou consumo interno.

Moitas empresas, para realizar calquera proceso de venda, sexa nacional ou internacional, precisan de subcontratar servizos (prestación de servizos) ou adquirir bens.

Cando se trata de operacións interiores, o efecto do IVE é neutro, e dicir, por un lado se soporta e por outro se repercute. Con unha actividade económica normal, o IVE repercute e maior co soportado e provocase unha situación de financiación por parte da administración de cara a empresa.

Pero esta situación cambia cando as operacións son no ámbito internacional ou no ámbito intracomunitario suxeito a exencións do imposto según os artigos 21 e 69 da actual lei do Imposto sobre o Valor Engadido. En estas operacións, polo xeral se soporta un IVE que non se pode repercutir, contribuíndo a merma da capacidade económica da empresa o afectar notablemente a súa tesourería.

Actualmente, cando unha empresa exporta bens ou prestacións de servizos, cando estes teñen que ser en parte obtidos en operacións interiores (consolidacións, intermediación,...) ou en subcontratación, a empresa ten que soportar un IVE que non pode repercutir, e aínda que o estado, previa solicitude, devolva o IVE soportado, provoca que a maior parte das veces faga imposible realizar operacións de exportación, o non poder a empresa soportar os fluxos de caixa necesarios para facer a operación o ser o seu marxen operacional inferior a cuantía do IVE independentemente de cal sexa esta.

Para solucionar un grave problema que está afectando a recuperación económica do noso país e das nosas empresas, consideramos, que estas operacións interiores, vinculadas a operacións de exportación, deberían de estar exentas do imposto mediante a presentación dun certificado para tal efecto ó fornecedor do servizo ou dos bens, como por exemplo ocorre co transporte internacional.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

1. Instar ao Goberno de España a modificar a actual lei do Imposto do Valor Engadido, sobre todo nos artigos 21 e 69 para solicitar a exención do imposto en aquelas operacións interiores (no ámbito nacional) de entrega de bens (operacións de consolidación, intermediación, ensamblaje ou produción) e prestación de servizos (subcontratación) para ser utilizados exclusivamente no ámbito internacional o no ámbito intracomunitario suxeito a exención.

Con data 20 de outubro de 2014, a Comisión Informativa de Economía, Facenda e Educación ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: A actual crise económica que estamos padecendo dende o ano 2009, supuxo un revés moi forte para a conta de resultado das empresas e sobre por repercusión directa para os traballadores e para as economías domésticas. Esa desaceleración do consumo interno xerou desequilibrios dificilmente subsanables moitas veces, e nestes momentos temos que facer todo o posible para intentar conseguir a recuperación económica, e sobre todo conseguir superávit na balanza de pagos, todos sabemos que actualmente unha das vías para conseguir iso é por medio da internacionalización ou pola exportación. A exportación nestes momentos é básica para poder saír da crise, sobre todo tanto en prestación de servizos como en adquisición de bens.

A moción que traemos hoxe aquí é unha moción moi meditada, ben pensada e que ten unha repercusión moi importante para a economía das empresas, polo xeral nun modelo interior, o IVE repercutido adoita ser maior que o IVE soportado, é dicir, o IVE que as empresas pagan nas liquidacións trimestrais ou mensuais en función da súa categoría, o que adoita provocar unha situación relativamente positiva para as empresas. Pero o caso que aquí comentamos é completamente diferente, é dicir, nas operacións de ámbito internacional ou intracomunitario, é dicir, en todas aquelas facturas que emiten as empresas ao exterior ou á Unión Europea que estean suxeitas a exención, esas facturas van sen IVE, sen embargo a maior parte destas operacións as empresas teñen que subcontratar servizos ou adquirir bens dentro de España, e esas facturas de provedores si van con IVE. Que pasa? Voules poñer un exemplo para que o entendan perfectamente, unha empresa fai unha

operación exterior por exemplo 110.000 euros cun 9% de marxe sobre venda, o que implica que ten que comprar un ben ou un servizo a un proveedor con esa mesma marxe a 100.000 euros. Iso supónlle que ese proveedor emítelle a factura co IVE deses 100.000 máis o 21%, deixando a factura en 121.000 euros, e esta empresa realiza unha venda por 110.000 euros, o que supón un déficit de caixa de 11.000 euros. Isto supón un problema de fluxos de caixa, de tesourería moi grave, e aínda que a operación sexa rentable, actualmente a actual situación non permite ás empresas financiar este tipo de situacións. É certo que a Axencia Tributaria permite a devolución de ese IVE, pero como dixemos, primeiro, para solicitar a devolución de ese IVE só se pode facer no cuarto trimestre, que no peor dos casos pasou un ano dende a solicitude por cumprimento legal, e despois a devolución faise mensualmente, o problema é que antes a empresa tivo que cumprir os compromisos cos provedores, e iso xéralle un problema moi grave de tesourería que xera á súa vez un problema económico moito máis grave. A imposibilidade moitas veces de acudir á banca para obter financiamento, para solventar estes problemas de tesourería, provoca que en vez de solventar un problema por parte da exportación ou a través da exportación o que estamos é xerando un problema de tesourería que se converte nun problema económico moi grave para as empresas.

Entón nestes momentos esta moción tal como se presenta sobre todo para a área de Vigo, que temos moitas empresas que están exportando, supón un impulso e un apoio importante de cara aos nosos factores produtivos, a nosa economía produtiva e de cara a tódalas nosas empresas.

Polo tanto, solicitamos ao Goberno de España modificar a actual Lei do imposto do valor engadido, do IVE, sobre todo nos artigos 21 e 69, para solicitar a exención do imposto en aquelas operacións interiores de entrega de bens ou de prestación de servizos, vinculadas a operacións no ámbito internacional ou no intracomunitario suxeito a exención, é dicir, que todas aquelas facturas de provedores de operacións interiores que están destinadas a saír fora do país, que non se aplique directamente o IVE para solventar un problema moi grave de tesourería que teñen actualmente as empresas.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A verdade é que ten razón vostede, esta moción do

Partido Popular está pero que moi ben pensada, e digo isto porque hai uns minutos o Sr. Fidalgo, que é unha pena que agora non estea, falaba dun tal Sr. Montoro e citouno ademais como Valedor de tódalas grandes solucións que se lle deron a este país, non sei se é que vostedes o queren facer candidato ou non sei, pero a verdade é que mire que citou veces o Sr. Fidalgo ao Sr. Montoro e eu fágolle unha pregunta, este Sr. Montoro ven sendo o mesmo que a tódalas familias españolas, galegas e viguesas lles fai pagar un 20% polo material escolar, este é o mesmo Sr. Montoro? É o mesmo Sr. Montoro que os pequenos e medianos comerciantes, como salóns de peiteado, tendas de flores etc. súbelles dun 10% a un 21% o IVE, este é o mesmo? Ou é o mesmo que nos fai pagar por uns eventos culturais ou as propias empresas da cultura desta cidade que lles fai pasar dun 10 a un 21%? este é o mesmo Sr. Montoro do que falaba o seu compañeiro o Sr. Fidalgo? Pois agora o Partido Popular tráenos aquí unha moción no que só se preocupa das empresas e deses movementos de internacionalización, e esquecese por completo que non fai falla traer aquí esta moción, o Pleno da Corporación municipal non ten capacidade lexislativa no IVE, afórrense vostedes unha moción, chamen a ese señor que tan valedor é das grandes políticas e das grandes solucións e dígalle absolutamente que rebaixe o IVE, pero puidéronllo avisar antes, ou é que vostede deuse conta dos problemas que teñen as empresas agora? Pois esta aplicación do IVE, esta nova Lei do IVE xa fai moitos meses que está.

A verdade, que non entendemos nada, por iso dicía que esta moción está moi ben pensada para que a cidadanía non entenda nada, porque o que está na rúa e que neste comezo de curso tivo que pagar un 21% por unha libreta, bolígrafo, por algo que é tan necesario como é a educación mesma, non entende que o propio Partido Popular que a aplica veña a pedir ao Concello de Vigo a exención nunha parte dese imposto. Non entendemos nada, por iso digo que está moi ben pensada a moción para non entender nada, porque a verdade, repito unha vez máis, pódense ter aforrado todo isto e convencer ao Sr. Montoro de que non fixera no seu momento o que fixo, unha subida de impostos, cando non se ían subir, e unha subida de impostos que está repercutindo moi negativamente en tódalas economías da xente que menos ten porque teñen que pagar ese 21% do IVE en todos ou en case tódolos produtos que teñen que mercar.

Polo tanto, nós queremos engadir unha emenda a súa moción tan ben pensada e

xa que vostedes lles preocupa agora esa economía e ademais o Sr. Montoro acábase de converter hoxe no gran valedor das economías, pois nos lles pedimos que engadan a súa moción o seguinte: Instar ao Goberno do Estado a rebaixar o tipo impositivo do IVE do 21% actual, para deixalo no 10% no tocante e só lle pedimos tres cousas: material escolar, salóns de peiteado e actividades culturais. Imos ver se realmente a vostedes lle interesa a economía dos vigueses/as, interesa a economía das familias ou o único que lle interesa é de cando en vez facer aquí a demagogia de leis e de decretos e de aplicacións que son vostedes culpables e non é ninguén máis. O Sr. Montoro e o Sr. Rajoy culpables de que hoxe unha familia que case non ten para comer teña que pagar un 21% polo material escolar dos seus fillos/as.

SRA. SILVA REGO: Sr. Álvarez, o grupo municipal Socialista ten como unha das súas características a do rigor, somos conscientes da importancia de tomar medidas de índole económica e fiscal que favorezan á exportación, porque é certo que beneficia a actividade económica e polo tanto o emprego, sobre todo en cidades como en Vigo con empresas claramente exportadoras, pero esta moción non é seria Sr. Álvarez, é unha tomadura de pelo a esta Corporación municipal, a este Pleno, e sabe por que? Porque hai uns días que se aprobou a Lei do IVE no Congreso dos Deputados, por que non presentaron vostedes alí esta proposta é que hai uns días que se aprobou, por que non a presentaron alí? É máis houbo grupos que a presentaron esta mesma petición que vostedes fan e o Partido Popular no Estado rexeitouna. Ademais tampouco nos parece seria porque un dos grandes problemas do IVE en actividades relacionadas coa exportación é que habería que facer as devolucións nun mes e a axencia tributaria tarda máis de cinco meses, iso si que está facendo que teñan grandes problemas ás empresas exportadoras.

Polo tanto, o seu ministro o Sr. Montoro, ese que está destruindo a economía, o emprego e a dignidade e calidade de vida da cidadanía, díganlle que en lugar de tardar cinco meses en facelas devolucións, tarden un mes que é o que di a Lei que se debe facer, devolvelas nun mes, e térdanse cinco meses, Sr. Álvarez. Pero ademais é certo e o dicía o Sr. Domínguez e ten toda a razón, vostedes veñen aquí con isto pero fan unha proposta que só atende a unha situación, que por certo lle digo eu creo que hai que favorecer a política exportadora pero vostedes

esquécense do que fixeron coa terrible subida do IVE, porque vostedes subiron o IVE para produtos de primeira necesidade, para medicamentos, produtos sanitarios, Sr. Álvarez, para libros e material escolar, para o teatro, o cine, a cultura, para a industria audiovisuais que é tan importante no noso país e que crea tanto emprego, vostedes Sr. Álvarez, hoxe vostedes tiñan tamén que presentar en todo caso esa proposta de redución do IVE. Nós e outros moitos grupos, entre outros tamén o Bloque Nacionalista Galego eu aquí o quero recoñecer, presentamos emendas para que se reducira o IVE en produtos sanitarios, material escolar e libros, teatro, cine, industria audiovisuail e para pequenas e medianas empresas como os salóns de peiteado que pasaron do 2% ao 21% con vostedes e que están vendo obrigadas a pechar as súas portas e a que se perdan miles de empregos, porque aparte ese miles de empregos que se están a perder no sector dos salóns de peiteados, están cuantificados polo Ministerio de Facenda.

Polo tanto isto non é serio, vostedes non poden vir aquí con estas emendas, fale vostede co Sr. Montoro, pregúntelle por que non aceptou as emendas presentadas por grupos tamén da dereita, do Congreso dos Deputados que pedían esta exención para as actividades ligadas á exportación, por que non o a aceptou o Sr. Montoro, pregúntelle porque tardan cinco meses a axencia tributaria en facer as devolucións a esas empresas exportadoras, pregúntalle e leve unha queixa, diga que non pode ser.

Por certo, se vostedes de verdade queren facilitar a exportación o que teñen que facer é propoñer na Unión Europea onde vostedes son maioría apisoante, a dereita, que se fagan políticas expansivas económicas que é o que favorece a demanda e polo tanto o que favorecería á política exportadora, e aí onde vostedes o teñen que facer, na Unión Europea dicindo que freen xa esa febre recortadora que está levando por diante á sociedade do benestar en tódolos países, en España tamén, políticas expansivas, fomentar a demanda, fomentar a exportación. Díganlle ao Sr. Montoro que xa está ben, que se hai que contratar a máis xente para poder devolver en prazo as devolucións do IVE ás empresas exportadoras, que o faga, porque aí é onde radica o problema das empresas exportadoras, radica aí, e sobre todo Sr. Álvarez, dígalle ao seu partido ao Goberno do Partido Popular por que non o puxo xa na modificación da Lei do IVE, que lle repito aprobouse hai dúas semanas no Congreso dos Deputados e puideron presentar emendas vostedes no Senado e

no Congreso dos Deputados e non fixeron, en serio non nos tomen o pelo.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Está claro que non entenden nada das necesidades das empresas, o Sr. Domínguez a parte de que xa o di el que non entende nada, non falou da moción para nada, igual paseime un pouco coa linguaxe a nivel fiscal, pero púidenllo explicar, eu cando non entendo nada non falo, pregunto, sobre todo para non facer o ridículo.

Descoñecemento Sr. Domínguez, estamos falando doutro tema completamente diferente, o tema do IVE xa se discutiu aquí a nivel de tipos, aquí estamos falando dunha necesidade real do noso tecido produtivo e vostede non falou disto, di que non é este o foro de debate, perdoe nós aquí estamos instando ao Goberno de España a que faga esa modificación, téñolle que lembrar que hai uns meses, dende este mesmo Pleno, presentamos o Grupo municipal do Partido Popular unha moción para validar os másters de Bolonia coas carreiras universitarias e vostede tamén falaba de demagogia e conseguimos esa modificación gracias en parte a esas iniciativas que arrancaron dende aquí. Entón por favor axústese ao que estamos falando nesta moción.

Sra. Silva, voulle a explicar algo moi básico, o problema non é dun mes nin de cinco meses, o problema é de fluxos de caixa, non ten nada que ver a conta de resultados con o “cash flow”, igual llo teño que lembrar. Paréceme bastante lamentable vindo por parte da responsable de economía deste Concello. Tampouco entendo porque non se atreveron a debater esta moción e se foron por outras vías, é algo que non o entendo.

Fala da Unión Europea, que se refire aos tratados de libre comercio para facer máis expansiva todo o que é a parte de exportacións, por exemplo con Colombia e Ecuador? Refírese a iso, por exemplo, imos falar das súas emendas que presentaron, a do Bloque Nacionalista Galego non a imos aceptar porque é outro tema, non estamos discutindo o que pon, non estamos discutindo o que poñen aquí, para nada.

Señores do Partido Socialista, vostedes instan ao Goberno a defender no ámbito da Unión Europea as exportacións, iso está ben que o defenda, solicitar iso, pero non ten nada que ver co que estamos falando aquí. Despois falan de instar ao Goberno a que as devolucións das actividades exportadoras se paguen nun mes, lémbrolles

que as empresas non poden solicialo ata o cuarto trimestre, Sra. Silva, parece que non coñece a Lei do IVE, e o problema non é dun mes, repito, o problema é de fluxos de caixa, a emenda de substitución do Partido Socialista no a podemos aceptar a non ser que que a cambien por unha emenda de engádeda, non ten nada que ver porque non se soluciona o problema de base que aquí estamos propoñendo, se realmente están preocupado polo tecido produtivo de Vigo, se realmente están preocupados polas empresas, deberían apoiar esta moción, saben perfectamente que coa súa proposta non se soluciona o problema de base, non se soluciona.

PRESIDENCIA: Entendo polo tanto que non acepta ningunhas das emendas.

VOTACIÓN: Con doce votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Alvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 15.10.2014 (Rex. Nº 993/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Álvarez Pérez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.2(211).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A QUE MANTEÑA O INSTITUTO DA MULLER COMO

ORGANISMO AUTÓNOMO ESPECIALIZADO NA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 994/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de outubro de 2014, número 994/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, formula a seguinte,

MOCIÓN:

O Instituto da Muller creouse como Organismo Autónomo da Administración Central en 1983. Por aquel entón, acababamos de saír dunha ditadura na que as mulleres tiñana condición de seres legal e economicamente dependentes e onde a súa única misión era ocuparse do fogar e da crianza dos nenos e as nenas. É por iso, que a creación do Instituto da Muller se viu como o inicio do camiño cara á igualdade entre mulleres e homes no noso país á par que nos achegaba a Europa onde se nos dicía que había que facer políticas de igualdade dende organismos especializados que se ocupasen diso e que, ademais, implicasen o Goberno e os diferentes axentes sociais. Por este motivo, o Instituto da Muller converteuse, dende o primeiro momento, en "A casa de todas". Dende alí, e dende entón, traballouse da man das organizacións feministas e de mulleres. Foron elas as que loitaron para que existise e foron elas as protagonistas dos tan necesarios cambios legislativos que melloraron, e de que xeito, a vida de todas.

Dende a súa posta en marcha, o Instituto da Muller tivo entre as súas funcións básicas:

- Promover as condicións que fixeran posible a igualdade entre homes e mulleres.
- Impulsar a participación das mulleres na vida económica, política, social e cultural do noso país.
- Coordinar os traballos que han de desenvolver os diferentes Ministerios e demais organismos especificamente relacionados coa muller

Ao mesmo tempo, outra importante función que desenvolveu foi o apoio, sobre todo a través de convenios de colaboración, á creación de servizos de atención ás mulleres con maiores dificultades e o desenvolvemento de políticas de igualdade a nivel autonómico e local. Ademais, o Instituto da Muller colaborou, informado e seguido a aplicación de leis tan importantes para a vida das mulleres como son a Lei Integral contra a Violencia de Xénero, a Lei de Igualdade, a Lei de Dependencia ou, como, non a Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e de Interrupción Voluntaria do Embarazo.

Pero esta dilatada e valiosa traxectoria non debeu parecerlle suficientemente importante e necesaria ao Goberno do noso país. O pasado día 16 de setembro, o Boletín Oficial do Estado decretaba que o Instituto da Muller pasaba a denominarse "Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades" e que as funcións anteriormente mencionadas quedan diluídas completamente, restándolle capacidade de acción fronte ao resto de organismos públicos e súmalle ademais a responsabilidade das políticas contra a discriminación de persoas por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, relixión ou ideoloxía, orientación ou identidade sexual, idade, minusvalidez ou calquera outra circunstancia persoal ou social. Deste modo, o Goberno decidiu acabar co único organismo especializado en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Con esta decisión, unha vez máis, o Goberno do Sr. Rajoy desatende, reduce e relega ás mulleres, e as súas necesidades, ao canto do esquecemento.

Pero iso non é todo. Cando o Goberno engade ao nome de Instituto da Muller o " e para a Igualdade de Oportunidades" ten como única pretensión evitar que a Unión Europea lle chame a atención por non cumprir co establecido en materia de non discriminación e igualdade de trato. Como sempre, o Goberno do Partido Popular opta por poñer parches en vez de tomar decisións políticas que dean resposta aos seus compromisos con Europa e, o que é máis importante, ocuparse de que no noso país a igualdade de trato teña un organismo que se ocupe dela para que as discriminacións deixen de existir.

Parece que o Goberno non quere entender que en materia social, se trata de ampliar dereitos, de intensificar esforzos, de aumentar garantías. Non de reducir e fragmentar os tan escasos recursos existentes para evitar posibles reprimendas. En definitiva, o Goberno elixe non se decatarse de que se trata de sumar e non de restar, nin, por suposto de enfrontar e dividir.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes

ACORDOS:

- Esixir o Goberno que manteña o Instituto da Muller como organismo autónomo especializado na Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres.
- Esixir ao Goberno que modifique os obxectivos deste organismo devolvéndolle a capacidade de acción que antes tiña centrada na igualdade entre homes e mulleres para, entre outras cousas, coordinar as políticas de igualdade co resto de Ministerios e organismos públicos, así como para facer o seguimento de toda a lexislación relativa á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.
- Esixir ao Goberno o aumento da dotación presupostaria do Instituto da Muller

co obxectivo de que poida seguir ocupándose de temas tan prioritarios como son a erradicación da violencia de xénero, o emprego, a educación non sexista, a trata de persoas con fins de explotación sexual, etc.

- Esixir ao Goberno que, dende o Instituto da Muller sígase apostando polo traballo conxunto en colaboración coas autonomías e entes locais.
- Esixir ao Goberno que tramite a Lei Integral de Igualdade de trato e non discriminación co fin de afondar no valor da igualdade máis alá do seu recoñecemento legal e garanta a igualdade de trato e a loita contra a discriminación.

Con data 20 de outubro de 2014, a Comisión Informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: O Instituto da Muller creouse como organismo autónomo da administración central en 1983, por aquel entón acababamos de saír dunha ditadura na que as mulleres tiñan a condición de ser legal e economicamente dependentes, e onde a súa única misión era ocuparse do fogar e da crianza dos nenos/as, por iso que a creación do Instituto da Muller viuse como o inicio do camiño cara a igualdade entre mulleres e homes no noso país, a par que nos achegaba a Europa onde se nos dicía que había que facer políticas de igualdade dende organismos especializados que se ocupasen diso e que ademais implicasen ao goberno e as diferentes axentes sociais. Por este motivo o Instituto da Muller converteuse dende o primeiro momento na casa de todas, dende alí e dende entón traballouse da man das organizacións feministas e de mulleres, foron elas as que loitaron para que existise e foron elas as protagonistas dos tan necesarios cambios legislativos que melloraron e de que xeito a vida de todas.

Dende a súa posta en marcha o Instituto da Muller tivo entre as súas funcións básicas promover as condicións que fixeran posible a igualdade entre homes e mulleres, impulsar a participación das mulleres na vida económica, política, social e cultural do noso país, coordinar os traballos que deben desenvolver os diferentes ministerios e demais organismos especialmente relacionados coa muller.

Ao mesmo tempo, outra importante función que desenvolveu foi o apoio, sobre

todo a través de convenios de colaboración, a creación de servizos de atención ás mulleres con maiores dificultades e o desenvolvemento de políticas de igualdade a nivel autonómico e local. Ademais, o Instituto da Muller colaborou informando e seguindo a aplicación de leis tan importantes para a vida das mulleres, como son a Lei integral contra a violencia de xénero, Lei de igualdade, a Lei de dependencia ou como non a Lei de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo. Pero esta dilata e valiosa traxectoria non debeulle parecer suficientemente importante e necesaria ao Goberno do Partido Popular, o pasado día de 16 de setembro o Boletín Oficial do Estado decretaba que o Instituto da Muller pasaba a denominarse Instituto da Muller e para a igualdade de oportunidades, e que as funcións anteriormente mencionadas quedan diluídas completamente, restándolle capacidade de acción fronte ao resto dos organismos públicos e súmalle ademais a responsabilidade das políticas contra a discriminación de persoas por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, relixión ou ideolóxica, orientación ou identidade sexual, idade, minusvalía ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

Deste modo, o goberno decidiu acabar co único organismo especializado en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, con esta decisión unha vez máis o Goberno do Sr. Rajoy desatende reduce e relega ás mulleres e a súas necesidades ao canto do esquecemento.

Pero iso non é todo, cando o Goberno engade o nome do Instituto da Muller e aí está a trampa, engade, repito, “e para a igualdade de oportunidades” o único que pretende evitar é que a Unión Europea lle chame a atención, por non cumprir co establecido en materia de non discriminación e igualdade de trato. Como sempre o goberno do Partido Popular opta por poñer parches en vez de tomar decisións políticas que dean respostas aos seus compromisos con Europa, e o que é máis importante, ocuparse de que no país a igualdade de trato teña un organismo que se ocupe dela para que as discriminacións deixen de existir.

Parece que o Goberno non quere entender que en materia social se trata de ampliar dereitos, de intensificar esforzos, de aumentar garantías, non de reducir e fragmentar os tan escasos recursos existentes para evitar posibles reprimendas, en definitiva, o Goberno elixe non se decatarse de que se trata de sumar e non de restar, nin por suposto de enfrontar e dividir.

E por iso que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes acordos, esixir ao Goberno que manteña o Instituto da Muller como organismo autónomo, especializado na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Esixir ao Goberno que modifique os obxectivos deste organismo devolvéndolle a capacidade de acción que antes tiña centrada na igualdade entre homes e mulleres para entre outras cousas, coordinar as políticas de igualdade co resto de ministerios e organismos públicos, así como para facer o seguimento de toda a lexislación relativa á igualdade de oportunidades de homes e mulleres. Esixir ao Goberno o aumento da dotación orzamentaria de dito Instituto, co obxectivo de que poida seguir ocupándose de temas tan prioritarios como son a erradicación da violencia de xénero, o emprego, a educación non sexista, a trata de persoas con fins de explotación sexual, etc. Esixir ao Goberno que dende o Instituto da Muller se siga apostando polo traballo conxunto en colaboración coas autonomías e entes locais, e por último, esixir ao Goberno que tramite a Lei integral de igualdade de trato e non discriminación co fin de afondar no valor da igualdade máis alá do seu recoñecemento legal, e garante a igualdade de trato e a loita contra discriminación.

SR. ALONSO PÉREZ: Imos apoiar esta moción e máis despois de ver como o Goberno español incumpe convenios internacionais contra a violencia machista, ademais incumpe convenios que el mesmo asina e despois non os cumpre, tanto é así que vai ser denunciado ante o Comité de convención sobre a eliminación de tódalas formas de discriminación contra as mulleres, nas Nacións Unidas. Vai ser denunciado polas situacións que aparecen no informe “sombra” que está apoiado por máis de 250 organizacións, feministas, sociais, vai ser denunciado porque aparecen e demóstrase unha cantidade de denuncias de retroceso ao respecto da loita polos dereitos da muller.

Denuncian que persiste a discriminación e carencia de medios na loita contra tódalas formas de violencia de xénero, hai un retroceso en incumprimento de compromisos nas políticas de cooperación internacional ao desenvolvemento e xénero, incumprimentos na adopción de medidas para modificar os patróns culturais e romper estereotipos en educación e cultura, persistencia de estereotipos discriminatorios que obstaculizan o acceso e a obtención de xustiza

nos casos de violencia de xénero, ausencia dun plan coherente contra a trata de mulleres e nenas, discriminación no dereito a participar na vida política e retrocesos na política de igualdade, dificultades no acceso a canles formais de participación e descoñecemento das vías informais, deficiencias na representación internacional e nos procesos de nacionalización, redúcese o dereito á educación, non se desenvolve a lexislación igualitaria e se contralexisla nunha nova lei como é a LOMCE, a reformas laborais e as medidas contra a crise son insensibles ás perspectivas de xénero, vemos que no principal problema que ten a sociedade é que o desemprego se lexisla contra as mulleres que son as que padecen máis o problema máis importante que ten a sociedade. Graves e vulneracións do dereito á saúde e claras ameazas ao exercicio dos dereitos sexuais e reprodutivos, non se poñen en marcha medidas para loitar contra a discriminación en outras esferas da vida económica e social, falta e debida dilixencia na investigación das denuncias que se cursan. Esta é a situación, é o panorama que describen 250 organizacións e a isto ademais hai que engadirlle que a maioría das transferencias ao respecto de violencia de xénero do dereito da muller están transferidas á Xunta de Galicia, e o primeiro que fai a Xunta de Galicia é recortar precisamente neste cuestión, ou sexa, o Estado ten este panorama que describen as organizacións e na Xunta de Galicia o que fan é recortar, e ademais cando no Parlamento galego deputadas como a Sra. Adán, do Bloque Nacionalista Galego presenta e quere tramitar unha lei de corresponsabilidade entre homes e mulleres o que fai o Partido Popular é tirala abaixo.

Ese é o panorama, ata organismos como o Concello Económico e Social detectan que hai intención da Xunta de Galicia de devolver ás mulleres aos roles tradicionais, ata o propio Consello Económico e Social detecta iso na sociedade.

Polo tanto, o Bloque Nacionalista Galego con este panorama non podemos máis que votar a favor da proposta que solicita o Partido Socialista nesta moción.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Simplemente quería facer unha puntualización con respecto ao que acaba de comentar o Sr. Alonso porque descoñecía completamente iso do “Informe Sombra” e o único que aparece reflectido é dereitos reprodutivos da muller en Bolivia, informe sombra sobre Ecuador, non aparece reflectido quen elabora ese informe, non sabemos moi ben a importancia que pode ter, nin cal é

fin, nin que pode estar detrás diso. Si me gustaría que nos adiantase ese documento para ver a credibilidade, evidentemente está na web pero non sabemos moi ben de onde o saca, se é un boletín informativo ou se é un panfleto político como estamos acostumbrados a recibir dun organismo da ONU, vostedes poden buscalo perfectamente. Simplemente quería facerlle esa puntualización, non sabemos se é un boletín informativo e quen está detrás deste tipo de informe, dende logo o peso que pode ter a nivel dende a ONU será un tema moi menor.

Con respecto á moción que presentou a Sr. Abelairas sorpréndenos enormemente esta moción porque queríamos saber se esta proposición levouna ao Congreso dos Deputados que é o sitio onde se pode traballar para realmente tomar medidas con respecto a este tema. Tamén nos sorprende porque estamos na liña tanto no Goberno Central como na nosa comunidade autónoma, exactamente igual que no Concello de Vigo de eliminar organismos autónomos para, de algunha maneira, axustarnos a Lei de racionalización do sector público e das medidas de reforma administrativa e vostede estano levando a cabo, vostedes é algo que están poñendo en marcha e que solicite a nivel nacional ao Goberno Central que se manteña un Organismo Autónomo, verdadeiramente sorpréndenos. Ademais non sei se sabe que o Instituto da Muller non desaparece senón que se reforza porque pasa a chamarse Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades, non se elimina Sra. Abelairas, senón que renace e dáselle máis competencias. Tamén solicita na súa moción que haxa un aumento da dotación orzamentaria para o Instituto da Muller, non sei se revisou os Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, no que se recolle un fondo de 32 millóns de euros de apoio á familia e infancia, o orzamento para a familia e infancia no que experimenta un aumento superior a un 20%, ademais de iso tamén temos na delegación de goberno para a violencia de xénero para o 2015 ascenderá a 23,7 millóns de euros, non é unha cifra menor, representa un 6,9% máis que no ano anterior, co cal estamos a falar dunhas medidas importantes, apoiadas economicamente.

Por último tamén lle quero comentar, facer unha puntualización, que non se esqueza que no ano 2008 o Sr. Zapatero creou o Ministerio de Igualdade e no ano 2010 eliminou o Instituto de Igualdade, o Ministerio de Igualdade, porque dicía que non tiña recursos económicos suficientes, aínda non falara dos seus brotes verdes, para manter ese Ministerio de Igualdade e ese Instituto da Muller.

Está vostede criticando algo que o seu propio goberno tivo que levar a cabo e que dende o Partido Popular dende logo aumenta as competencias no Instituto da Muller e aumenta os Orzamentos.

Con respecto á colaboración coas autonomías e os entes locais no houbo absolutamente ningunha redución máis ben todo o contrario, houbo un aumento na nosa comunidade autónoma creouse ademais un centro integral para a violencia de xénero en Santiago de Compostela, mantense o de Vigo, o CIM mantense, e un montón proxectos e iniciativas con respecto á igualdade e a violencia de xénero que é o tema que máis nos ten que importar. O trámite á Lei integral á igualdade, un pouco na mesma liña, foi aprobado en maio de 2011 que o Sr. Zapatero non foi capaz de levar a cabo, e en 2003 baixo o goberno do Partido Popular, do Sr. Aznar, procedeuse a unha transposición destas directivas.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: De verdade, ata me da pena contestarlle porque vostede non ten nin idea, non sabe, absolutamente descoñece todo sobre a violencia de xénero, absolutamente todo. Despois de tantos anos que veña vostede con ese descoñecemento tan brutal, señores do Partido Popular reflexionen. Descoñece todo, absolutamente todo, que mágoa.

Voulle lembrar primeiro, no 2004 a Lei Orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, hai que poñerse de pe ata para nomear a esa Lei, complementada coa Lei 3/2007, do 22 de marzo, para a unidade efectiva de mulleres e de homes, dicir que descoñece “Informe Sombra” e para votarse a chorar, sabe por que se chama “Informe Sombra”? A que non sabe por que? O seu goberno, porque o Sr. Rajoy mente, destrúe o Instituto da Muller e engádelle esa coletilla para disimular porque en Europa chamáronlle a atención, vostede descoñece o “Informe Sombra” porque non lle interesa absolutamente nada, pero dicir que o descoñece e chámase sombra precisamente por iso, engádolle, faltáballe dez Sr. Alonso, son 260 organizacións de mulleres de todo o mundo, 50 españolas e tres viguesas, pero xa llo pasarei. Por certo, o meu agradecemento á Rede de Mulleres que colaboraron con este informe, á Asociación Nos Mesmas que colaboraron con este informe e o noso agradecemento a Asociación Mulleres Nacionalistas que colaboraron con ese informe, fíxese vostede onde vive nos mundos de “yupi” polo que estou vendo.

Esta Lei integral, foi consolidada como modelo internacional, considerada a mellor do mundo, habería que explicar que é a ONU, pero é que Sr. Alcalde non pode dar agora unha lección do que significan as siglas ou do que é a ONU, Organización Nacional das Nacións Unidas, creo que é un organismo o sumamente importante para que tódolos gobernos do mundo lle mostren o seu respecto, para a ONU foi a Lei máis importante para combater e en radicar a violencia de xénero. Para a ONU, mulleres, a Lei é unha das mellores leis e políticas do mundo, a española que pode poñer fin a violencia exercida contra as mulleres e contra os nenos.

Non me quero esquecer dunha cousa, di vostede apoio ás familias, só lle deixo unha pregunta, que familias? Que considera vostede por familias, desa lei que falan vostedes, que tipo de familias?.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 16.10.2014 (Rex. Nº 994/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.3(212).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS NECESARIAS PARA

GARANTIR A VIABILIDADE DO SERVIZO POSTAL PÚBLICO. EXPTE. 1005/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de novembro de 2014, número 1005/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN:

Nun contexto como o actual, Correos xoga un indubidable papel para contribuír á cohesión social, territorial e económica do país tanto a nivel estatal como autonómico, asumindo e prestando un servizo público a cidadáns, empresas e administracións na totalidade dos núcleos de poboación e á marxe da súa rendibilidade económica.

Os datos póñeno en valor: máis de 8.000 municipios atendidos, 16 millóns de fogares, 3,2 millóns de empresas (máis do 99% son pemes) e un total de 7.100 puntos de atención no ámbito rural (carteiros rurais e oficinas) e máis de 100.000 quilómetros diarios.

Consecuentemente, a regulación postal europea e española considera mecanismos de financiamento para garantir a prestación do correo en todo o territorio. Un servizo que só é prestado pola empresa pública CORREOS en amplas zonas e que de non ser así, desaparecería, ao non se dar as condicións de rendibilidade para a súa prestación por parte do sector privado.

O estreitamento de marxes económicas e empresariais que, como consecuencia da apatía dos responsables políticos directos (Ministerio de Facenda, Fomento e SEPI), está a sufrir o operador, leva consigo un custo social moi alto a nivel xeral (8.000 postos suprimidos, miles de barrios sen reparto, centos de zonas rurais descubertas, máis de 16 millóns de cidadáns de medianas e pequenas poboacións afectadas); na provincia de Pontevedra, o axuste significou en concreto: perda de máis de 200 postos de traballo directo, poboacións de tamaño pequeno/medio sen reparto diario - miles de cidadáns afectados pola perda ou debilitamento do servizo postal, miles de quilómetros de reparto mensual recortados. E, sobre todo, pode afectar a medio prazo á futura viabilidade empresarial de Correos, ao servizo público que presta e ao emprego dos case 55.000 de traballadores.

A data de hoxe a paz social cos representantes dos traballadores e traballadoras está a punto de romperse como o demostra o bloqueo do Convenio Colectivo tras 6 meses de negociación sen avance algún ou as distintas mobilizacións e paros que empezan a xurdir en diversas provincias e isto pode impedir o desenvolvemento do Plan de Acción de Correos (plan de desenvolvemento empresarial).

Así as cousas, de non se dar un posicionamento do Goberno neste sentido,

consideramos que -ademais de realizar unha clara renuncia de responsabilidades- se podería poñer en perigo a figura do carteiro e dos servizos postais a ia cidadanía, e, tal e como anunciaron as organizacións sindicais, hai un claro risco de conflictividade laboral e social.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

Requirir ao Goberno da Nación para que tome as medidas necesarias para garantir a viabilidade do servizo postal público:

- Definindo unha posición de Estado que exprese sen ambigüidade a súa defensa do servizo postal público e os seus compromisos co futuro de Correos como empresa punteira do sector público, cesando canto antes as disputas de intereses e posicións entre Ministerios.
- Garantindo os compromisos de financiación para a prestación dos servizos postais a todos os cidadáns expresados e aprobados en sede do Parlamento español.
- Impulsando unha regulación do mercado que non recorte o PLAN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO POSTAL UNIVERSAL aos cidadáns e que peche espazos aos intereses mercantís que as multinacionais e lobbies financeiros que só buscan beneficio e rendibilidade a curto prazo a conta do dereito dos cidadáns.
- Asegurando que os cidadáns reciban o reparto de correspondencia 5 días á semana como manda a Directiva Postal Europea.
- Desbloqueando as medidas ministeriais que están a impedir a Correos a transición da carta, hoxe en clara caída polo efecto substitución, cara a novos mercados, sobre todo paquetería.
- Desbloqueando as decisións ministeriais que impiden para a consecución dun acordo laboral, hoxe inexistente, do que dependerá o emprego e as condicións de 55.000 traballadores, pero tamén a paz social a punto de romperse e, en consecuencia, a estabilidade na xestión do operador público Correos.

Con data 17 de novembro de 2014, a Comisión Informativa de Emprego e Participación Cidadá ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Traemos nesta moción un tema que consideramos moi importante

socialmente, no conxunto do Estado pero tamén moi importante no que é en concreto á cidade de Vigo. O servizo Público de Correos foi tradicionalmente un servizo esencial cando as tecnoloxías non eran as que son agora, servizo esencial para os cidadáns pero tamén para as empresas, pero hoxe a pesares desas novas tecnoloxías e dun mundo moito máis globalizado, Correos segue xogando un papel fundamental de cohesión social, pero tamén no ámbito territorial e no ámbito económico, os datos de a onde chega Correos, de onde presta servizos, son certamente incuestionables, presta a 8.000 municipios, é dicir, á practica totalidade do Estado español, chega a 16 millóns de fogares, 3,2 millóns de empresas, máis do 99% das PIMES e en total a 7.100 puntos de ámbito rural. Polo tanto, insisto, os datos son incuestionables, a regulación postal europea pero tamén española, necesita de mecanismos de financiamento para garantir esta prestación en todo o territorio porque esta é a garantía dese servizo público esencial ao que me refería anteriormente e para chegar a todos, este servizo só o presta Correos, exclusivamente en amplas zonas, de non ser así, de variar a situación e de seguir o goberno do Estado polo camiño que leva, desaparecería este servizo.

Pode parecer moi fácil dicilo, pero é certamente dramático para aquelas zonas, sectores que non terían este servizo público esencial, porque, por suposto, a niveis de prezos de mercado evidentemente non o poderían cubrir. O desleixo do Goberno Estatal é evidente no tema de Correos, hai un incumprimento claro en canto ao desenvolvemento da Lei 43/2010, lei do goberno Socialista e non o di o que lles fala senón que o din os sindicatos do ámbito de Correos. A postura que está levando a cabo o Goberno Estatal ten alto custe social, estamos a falar de 8.000 postos de traballo suprimidos, de miles de barrios sen reparto, de centros de zonas rurais descubertas e de máis de 16 millóns de cidadáns que están afectados, porque no caso concreto, e o dicía ao principio do moito que afecta á nosa cidade, perdéronse na provincia de Pontevedra 200 postos de traballo, é fácil entender que como mínimo a metade debe ser correspondentes a esta cidade. Está tendo polo tanto, a política do Goberno Estatal, un alto custe no emprego, e é evidente que se necesita manter este servizo.

Polo tanto, nós aquí o que propoñemos no acordo son unha serie de medidas concretas pero que sobre todo teñen que partir da vontade política do Goberno do

Estado, débese de definir unha posición de estado que exprese sen ambigüidade a defensa do servizo público de Correos. Débense garantir dende o Estado os compromisos de financiamento para a prestación deste servizo, e débese establecer un plan de prestación do Servizo Postal Universal, porque este servizo ten que ser universal.

Hai cuestións concretas que afectan moito a nosa cidade como que os cidadáns deben de ter o dereito a recibir o reparto de correspondencia cinco días á semana. Os sindicatos están mantendo unha posición de responsabilidade, levan seis meses negociando un acordo colectivo para o sector, produciuse unha xornada de folga, están previstas outras dúas e nós demandamos evidentemente aquí, que o conxunto da Corporación se manifeste sen esas ambigüidades que lle criticamos e que pedimos ao Goberno Central que saía delas, que se manifeste claramente pola defensa do Servizo Público Postal, porque Vigo quizais sexa un dos mellores exemplos de como afecta, pola súa dispersión en canto ao territorio, un dos exemplos máis ilustrativos e que afectan moito máis as medidas que está a tomar o Goberno Estatal.

SR. ALONSO PÉREZ: Efectivamente nun contexto como o actual, Correos xoga un indubidable papel para contribuír á cohesión social, territorial e económico, asumindo a prestación deste servizo público. É certo, e o grave e o que hai que ter en conta que cando este tipo de servizos se liberalizan, normalmente os novos propietarios que soen ser os bancos, como pasou en Telefónica, o que buscan é rendibilidade e aqueles sectores que máis padecen e que menos capacidade económica teñen e sobre todo os sectores rurais son os que padecen logo o mal servizo en Telefónica, en Correos porque para os novos propietarios, para a banca, non son tan rendibles, e eles o que buscan é o negocio.

Efectivamente a Lei postal prevé que de luns a venres hai que dar o servizo, pero estamos vendo unha realidade que constatamos ao falar coa xente que está a padecer o problema, eu falei cos delegados sindicais de aquí de Vigo é efectivamente o que nos manifestan é que hai un problema real, que a Lei postal di que de luns a venres hai que dar o servizo, pero logo non se cobren vacacións, baixas e ao final a lei non se cumpre.

Hoxe ademais o servizo de Correos coas novas tecnoloxías, cos emails, whatsapp,

perde clientes, e menos mal que por as ondas non pode ir a paquetería, aínda non se poden mandar os paquetes por ondas que é o que o Servizo de Paquetería é un pouco o que lle salva.

Polo tanto, nós imos sempre a defender o que están reivindicando nas mobilizacións os traballadores porque dende o Bloque Nacionalista Galego compartimos o criterio primeiro, que hai que preservar o emprego dos traballadores/as de Correos, e ademais hai que garantir á sociedade que ese servizo público funcione porque é un servizo público totalmente necesario como dicía ao principio para a cohesión social, porque ademais, tanto dereito teñen a ter un bo servizo as zonas rurais como as cidades e os que teñen capacidade económica, como os que non a teñen.

Polo tanto, imos votar a favor da moción.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Nun principio dicirlle que a tenor da presentación da moción e da intervención agora do Sr. Font, que aquí no Concello non é que empreguen Correos como medio de mensaxería principal, senón que teñen outros medios de mensaxería privada co cal se presenta esta moción, se está tan implicado no tema deberían dar exemplo porque como di o Sr. Alonso agora os sistemas cada vez son máis flexibles, son a través de internet co cal se potenciamos o uso de Correos, probablemente tamén teña máis actividade e polo tanto sexa máis fácil o seu mantemento.

Nós tendo en conta un pouco o marco lexislativo vixente que permite dar cumprida resposta aos obxectivos formulados na proposta, imos xustificar punto por punto a nosa votación, onde imos rexeitar a moción porque o servizo está garantido e cremos que as peticións ás que vostede non fixo referencia pero que están definidas na moción están perfectamente garantidas. No primeiro punto falan de definir unha posición de compromiso co futuro de Correos, e non existe ambigüidade na defensa do servizo postal público, xa que na Lei a que facía referencia 43/2010, de 30 de decembro, estableceuse un modelo que conxuga a garantía de prestación dun servizo postal universal de calidade determinada pola propia lei, prestado de forma permanente en todo o territorio nacional, se é verdade que hai que insistir e traballar en que iso poida cumprirse. Polo tanto, a defensa do Servizo Postal Público está garantida, vostede falta de futuros onde vai

desaparecer pero non ten ningún dato concreto, co cal a través da lei 43/2010, de 30 de decembro, non existen disputas nin posicións encontradas entre ministerios respecto á legalidade vixente.

No segundo punto, din no acordo, garantir os compromisos de financiamento, no artigo 29 da Lei postal crea o fondo de financiamento do Servizo Postal Universal, coa finalidade de xestionar o financiamento necesario para compensar a carga financeira inxusta, polo tanto, hai catro tipos de achegas, as transferencias consignadas nos Orzamentos Xerais do Estado, as prestacións patrimoniais de carácter público que se establece na lei, as doazóns ou legados realizados por calquera persoa natural ou xurídica e os rendementos derivados dos depósitos nos que se manteñen as dispoñibilidades do fondo.

Con respecto ao punto tres, que falan de impulsar unha regulación de mercado que non recorte o plan de prestación do Servizo Postal Universal e que peche espazos aos intereses mercantís. No mercado español de acordo co establecido na directiva de consonancia con tódolos países da Unión Europea está totalmente liberalizado, vostede sábeno porque no Concello tamén empregan como insisto sistemas de mensaxería privados. Na Lei 43/2010, de 30 de decembro, de conformidade coa Directiva postal 2008/6c cuxa transposición realiza, establece tres áreas de servizos postais, o servizo postal universal que encomenda en réxime de obrigacións o Servizo Público de Correos e Telégrafos, os servizos que estando baixo o alcance material do Servizo Postal Universal préstanse en condicións de libre mercado, alleas ás obrigas do Servizo Público, que se lle impoñen ao prestador do Servizo Postal Universal e finalmente aqueles servizos postais distintos dos servizos postais tradicionais, que poden ser prestados cunha mera declaración responsable.

Polo tanto, a regulación é prevista na Lei, será completada co correspondente desenvolvemento regulamentario a través dun novo plan de prestación do Servizo Postal Universal que concretará as condicións detalladas da súa prestación.

No carto punto, falan de asegurar que os cidadáns/ás reciban o reparto de correspondencia cinco días á semana, falou tamén o Sr. Alonso deste tema, e que excepto en circunstancias xeográficas excepcionais a normativa xeográfica española cumpre o establecido da Directiva postal no artigo 24 da Lei 43/2010, de 30 de decembro, a obriga do operador designado de practicar as entregas polo

menos tódolos días laborais de luns a venres, é verdade que nas zonas rurais clara que sempre foi un tema máis complicado e si que diminúe o servizo, pero hai que traballar para que se cumpra, hai que intentar que neste caso poida, en Galicia sobre todo, desenvolverse dunha maneira axeitada.

Quinto punto, desbloquear as medidas ministeriais que están impedindo a Correos a transición á carta, insistimos, como dixemos antes que o Goberno non pode intervir no mercado postal español porque está liberalizado, co cal a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos é unha compañía mercantil que ten encomendada a prestación de servizo postal universal, operan nun mercado libre e gozan de autonomía para a súa xestión.

Finalmente o plano laboral, que é moi importante, fala de desbloquear as medidas ministeriais, respecto á concentración social entre Correos e sindicatos sinalamos que o dispor correos dunha forma xurídica societaria a súas relacións lévanse a cabo no marco do establecido na Lei 9/87, de órganos e representación, e tal como nos informaron ao Ministerio de Fomento non lle consta a existencia de decisións ministeriais que poidan bloquear un acordo laboral, é dicir, o contrario, o Goberno está e estivo sempre disposto a manter o diálogo con tódolos axentes que interveñen no sector postal español e particularmente cos representantes dos traballadores. Deberíamos chegar a un acordo, e si é verdade que tampouco podemos ir contra a evolución tecnolóxica.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Egerique, como voceiro do Goberno estatal non tería vostede prezo, pero é que estamos falando do contrario, é que estamos falando de que o goberno non quere desenvolver a Lei postal que data do 2010, e recoñecer porque vostede deu argumentos a tódolos puntos e eu voulos inverter, e é que un goberno que en tres anos non é capaz de desenvolver regulamentariamente unha lei é un goberno que non vale para nada, un goberno que sobre un colectivo de 55.000 traballadores, cargouse 8.000 postos de traballo e non o digo eu, dino os sindicatos, e vanse cargar 15.000 postos de traballo, se vostede está a favor disto e este é seu argumento. Agora iso si, que saiban os 8.000 traballadores que perderon os seus postos de traballo e os 7.000 que aínda fallan, que a Sra. Egerique o grupo municipal do Partido Popular de Vigo están a favor, que o saiban, estano recoñecendo vostedes aquí.

Eu non falo de futuros, o que falo é que haxa un plan de correos que defenda o Servizo Público de Correos, e vostedes non o están facendo. Vigo claramente é un exemplo de que estas medidas adoptadas de redución de postos de traballo, de non cubrir vacacións, de non cubrir enfermidades ao final o que fai é o mantra que vostedes teñen a nivel de facer política, e é desmantelar os servizos públicos, baixar a calidade dos servizos públicos e que todo iso conduza ás privatizacións, e cando cheguen as privatizacións o cidadá a que o que vostede teoricamente debería de defender que viva no extremo de Cabral, non vai recibir a súa correspondencia, Sra. Egerique, non a vai recibir, como consecuencia de todas estas medidas que pouco a pouco van implementando vostedes.

O que é evidente é que se necesita un plan estratéxico, o demandan os sindicatos, o que é evidente é que hai que apostar polo mantemento do emprego, e o que é evidente, Sra. Egerique, é que vostedes están copiando o modelo de Portugal e de Grecia, e xa vimos o que pasou alí, e nos non queremos, non só comparar, senón non queremos chegar a unha situación na que se vai producir un desmantelamento do servizo público. Vostede o único que pretenden é implementar e levar a cabo unha política de recortes, e da igual que falemos de sanidade, de infraestrutura, de dereitos sociais, e na anterior moción alguén do público dicía que lle daba vergoña a proposta que vostedes tiñan. A min cos argumentos que demos sobre este servizo tamén me da vergoña como seguro que aos traballadores de Correos do que van votar vostedes.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 13.11.2014 (Rex. Nº 1005/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.4(213).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA A POÑER EN MARCHA UNHA MESA DE TRABALLO PARA ANALIZAR O PROCESO DE ADSCRICIÓN E INTEGRACIÓN DAS ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES NO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO. EXPTE. 1007/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de novembro de 2014, número 1007/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN:

A LOMCE considera a adscrición á Universidade dos Centros de Ensinanzas Artísticas Superiores que así o desexen, pero levan dúas décadas envolvidas nunha interminable discusión en torno a se deben ter un espazo propio ou se deberían integrarse nestes. Esta batalla que afecta en toda España a máis de 16.000 alumnos.

Por un lado, o texto di que eses estudos artísticos terán a denominación de "título Superior", despois de que hai uns meses o Tribunal Supremo prohibise que se chamasen "Graos", como os das universidades. Non obstante, o tribunal non puxo en dúbida que uns e outros estivesen ao mesmo nivel dentro da educación superior, algo ao que se opuxeron no seu día os decanos das Facultades de Belas Artes.

Esta reforma escolar volve deixar aberta a porta a que os centros de artísticas superiores se adscriban ás universidades: "Os centros de ensinanzas artísticas superiores poderanse adscribir mediante convenio ás universidades segundo o indicado no artigo 11 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades" o que non parece que vaia resolver a nova lei.

A discusión centrouse entre as escolas de Arte e Deseño e as facultades de Belas Artes, que son as que comparten máis espazos de ensino. Os ámbitos de música, a danza e a arte dramática estiveron tradicionalmente máis afastados da oferta das universidades. Nos últimos anos, coa adaptación ao espazo europeo, ésta dá moita máis liberdade ás facultades para crear titulacións novas nos ámbitos que consideren oportuno.

As reiteradas reclamacións públicas de integración universitaria das comunidades educativas de todos os centros de Ensinanzas Artísticas Superiores galegos provocaron o enfado da Xunta de Galicia, que insiste en que nin lles vai nin lles vén e que os directores dos centros están a confundir á sociedade coas súas esixencias.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

- Instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a poñer en marcha unha mesa de traballo coa finalidade de analizar o proceso de adscrición e posterior integración das EE AA SS no sistema universitario galego.

Con data 17 de novembro de 2014, a Comisión Informativa de Economía, Facenda e Educación ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. ALONSO SUÁREZ: Xa hai 22 anos coa promulgación da LOGSE, recoñecíase o carácter superior das ensinanzas artísticas, estas ensinanzas, música, danza, restauración e deseño e arte dramática, levan dúas décadas enfrascadas nunha interminable discusión, interna e coas universidades en torno a se deben ter un espacio propio ó mesmo nivel aínda que abarquen dous campos ou se deberían integrarse nestes. Unha batalla que afecta a máis de 16.000 alumnos e que está sen resolver.

Isto sitúa ao alumnado español nunha situación de grave discriminación fronte aos titulados doutros países europeos, o que impide que poidan transitar libremente polo espazo europeo de educación superior. Adrian comezou a súa carreira de música aos seis anos, pero case tras dúas décadas de estudo non terá por iso título universitario. Este clarinetista do Conservatorio Superior de Música é un dos que se matricularon hai catro anos nunha das escolas artísticas oficiais de Galicia, cunha

lei vixente que lle garantía que ao rematar obterían un grao universitario e que agora non ten. Só sabe que ao licenciarse en xuño ten un equivalente aos graos outorgados polas universidades, unha cualificación cuxa validez tambaléase fora de España e que pon en risco a continuación dos seus estudos en centros Europeos. Incongruencias legais e unha sentenza do Tribunal Supremo de 2012, despoixaron aos conservatorios superiores de Vigo e A Coruña a Escola Superior de Arte Dramático de Vigo e a Escola Superior de Conservación e restauración de bens culturais de Pontevedra, da potestade de expedir graos universitarios. No aire para estes mozos está o acceso a bolsas, másters, a cursos de postgrado e especializados.

Un alumno a punto de rematar os seus estudos superiores de música en Galicia preséntase a unha proba, que por certo aproba, para seguir estudos nunha prestixiosa escola de música de Londres, con títulos que por certo, valida unha universidade da cidade. Sabedora de que os títulos non son tan equivalentes como di a norma que son, coñecedora de que moitos titulados superiores en música tiveron que cursar anos complementarios en Europa para ver recoñecidos os seus títulos e desexosa de aproveitar esta oportunidade para continuar estudos, imaxina unha solución para obter un “Bachelor of Arts”, un título europeo; contacta cunha universidade privada que lle ofrezca unha magnífica solución, a saber, unha vez a rapaza finalice os seus estudos en Galicia matricúlase nesta universidade privada, fanlle un plan de validacións “Ad Hoc” e nun ano ten o seu título, un grao, iso si despois de pagar máis de 3.500 euros en validacións e matriculas, e investir un ano máis en formación.

Conclusión, o tránsito do título superior ao título de grao pode saír por máis 3.000 euros aínda que a cantidade poida ser bastante maior segundo os casos.

No caso concreto de música hai dúas universidades privadas, ambas en Madrid, as únicas que en España contan cun grao de interpretación musical e as súas conseguíntes especializacións por instrumentos, quen queira rematar os seus estudos de música cun título de homologación directa no resto de Europa, deberá dispoñer de 12.500 euros anuais durante catro anos para sufragarse estes centros. O Real decreto 96 de 14 de febreiro deste ano, sitúa ás ensinanzas artísticas superiores no nivel dous do marco español de cualificación para educación superior, cambia a alusión a título de grao polo de título superior, pero a

equivalencia que xa tiña co LOGSE non soluciona os problemas de validación no estranxeiro de doutorado.

Estas ensinanzas teñen a equivalencia de graos, pero non son estudos universitarios, é un matiz que na práctica cercena o futuro de centos de alumnos galegos que optaron por este camiño.

En diferentes ocasións a consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria trasladou á sociedade a idea de que os centros non están preparados para iniciar o proceso, cousa que chama un pouco a atención, pois de non estalo é a propia consellería a quen lle compete que o estean, asumindo as súas responsabilidade na promoción efectiva destas escolas, na súa integración no espacio europeo.

Ademais a consellería conta cun consenso moi elevado para resolver esta situación, cando menos no centros que así o veñen demandando o que implica o vontade das comunidades educativas para facer fronte aos retos e desafíos que se xeren. O conselleiro o Sr. Vázquez e o director da Axencia para a calidade do sistema universitario de Galicia, asinaron hai uns días un convenio de colaboración a través do cal está a Axencia vai a comprobar, asegurar a calidade destas titulacións, isto é un paso pero falla algo máis, por iso instamos á Consellería de Cultura e Educación que poña en marcha unha mesa de traballo coa finalidade de resolver a precariedade do alumnado.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Moi brevemente, porque eu penso que na exposición de motivos que acaba de facer a concelleira está absolutamente todo claro e ben explicado. Aquí hai un problema como moitos, no sistema educativo que a é arrancada de desigualdade de oportunidades que hoxe teñen moitos alumnos/as que entran nese sistema educativo en Galicia. Desigualdade de oportunidades que leva loxicamente implícito e moito temos falado aquí esta mañá de servizos públicos, a planificación que dende o Partido Popular e dende a Xunta de Galicia se fai do sistema público, é dicir, deterioro do sistema público, falla de vontade política para arranxar estes temas de igualdade de oportunidades, co fin, como ben vostede relatava, de que aqueles alumnos que poidan e que teñan eses 12.000 euros para poder irse a universidades europeas, ou que teñan eses 3.500 euros para poder ir a que lle validen fora do territorio español e fora de Galicia o poidan

facen, e o resto, vese abocado a non poder concluír eses estudos e sobre todo nunhas materias como as educacións artísticas que xa de entrada supoñen moitos máis anos que calquera outro percorrido educativo noutras materias e que se ven abocados a non poder facer un máster, cursos de postgrado ou non facer o doutorado nesas materias, nas que teñen cursado os anos necesarios para acadar esa cualificación, porque a proba está en que estes alumnos/as si se atopan cualificados para obter estas cuestións fora de Galicia e Europa e na súa propia terra, como pasa no caso de Galicia que non o fan.

Polo tanto, eu creo que é de xustiza que a Xunta de Galicia dunha vez por todas, que ten a competencia nesta materia, se sente cos reitores das universidades, cos responsables destas escolas e se chegue inmediatamente a unha solución.

SR. RELOVA QUINTEIRO: A verdade é que lamento moito comezar esta intervención con varias preguntas e que a verdade é que vostede, Sra. Alonso, creo que son boas intencións pero de verdade, son moitas boas intencións pero hai demasiada ambigüidade e demasiadas inexactitudes, erros históricos, cronolóxicos, de todo tipo e ademais a pregunta devólvolla, eu teño moitas preguntas para vostede, primeiro, as inexactitudes na proposta da súa moción porque está enchida de erros, por exemplo, é que a verdade se falou có alumando do Conservatorio Superior de Música de Vigo, saberá que teñen mobilidade Erasmus, que poden moverse por toda Europa, como ven dicindo a un Pleno que non se pode mover por Europa, estamos dentro do espazo. Sabe con quen fala, Sra. Alonso? Fun o director do Conservatorio Superior durante 15 anos e logramos o Conservatorio Superior de Música de Vigo, o primeiro centro de ensinanzas artísticas superiores en Galicia, logramos que tivesen intercambio Erasmus, mobilidade Erasmus, hai 300 mobilidades anuais no Conservatorio Superior de Música de Vigo. Mentres eu falo se quere a Sra. Silva entra na páxina web do Conservatorio Superior de Música de Vigo e que consulte as 300 mobilidades. Vou perder o tempo niso, levo 25 anos traballando con persoas, non traballo con premios Nobel, traballo con nenos/as que se levantan as sete da mañá e acaban a súa xornada musical ás tres da tarde.

Como se me pasa o tempo e eu pregúntolle, ímoslle votar que si porque vostede mencionou esa reunión en onde tódolos directores das ensinanzas artísticas superiores de Galicia estaban nesa reunión onde se asinou, todos estaban de

acordo, e están encantados de que isto siga adiante, non lle vale esta mesa de negociación, pero o que me doe é que vostede obvie, comenta na moción, zona escura, que o goberno do Sr. Zapatero cometeu un erro á hora de redactar a lei, e o Tribunal Supremo ante un recurso presentado pola Universidade de Granada dixo que as escolas, ensinanzas superiores, etc. non poden compartir o mesmo nome, título, etc., iso obviouno que estamos onde estamos por culpa do goberno do Sr. Zapatero e eu no vou a zona sombra nin a informe sombra, vou ao BOE, e aos recursos e ditames xudiciais que presenta o contencioso do Xulgado da Universidade de Granada.

Co cal, hai demasiada demagogia, e en educación vostede e eu somos colegas da educación, non nos serve, non claro é que as verdades doen, pero eu non teño nin xoias nin pedras, eu só teño que o director da Escola Superior de Arte Dramático di no seu blog, isto é público e por iso o cito, para quen non o teñan claro, propóñolles unha visita ao programa educativo do Partido Socialista e verán como o espazo adicado ás universidades supón un terzo do total, tamén lles pido que vexan o adicado as ensinanzas artísticas superiores na páxina 139, se o interese se mide en números de caracteres, verán que o que despertan estas ensinanzas no Partido Socialista é mínimo e tamén engade no seu programa o Partido Socialista non vai infelizmente noutra dirección, non ten dirección a pesares do “dream team”. O dito, no seu programa xa está escrito non son palabras miñas eu remítome a fontes directas, e votámoslles porque a primeira persoa que se involucrou nas ensinanzas artísticas superiores foi o Sr. Fraga que abriu tódolos centros superiores de Ensinanzas Artísticas Superiores; documéntese mellor, con tódolos meus respectos e miren na páxina web ou chamen ao director do conservatorio superior e miren cantas mobilidades Erasmus hai, hai moita demagogia, síntoo Sra. Alonso con tódolos meus respectos, compañeirismo, porque somos dous profesores involucrados na ensinanza pública da calidade, non me van dar clases.

SRA. ALONSO SÚAREZ: Aínda que de Educación podo dicir que non sei moito, levo 30 anos traballando neste servizo, pero si que podo dicir que a realidade é que hai un grupo de estudantes que quedou fora dun proceso, como se recoñeceu antes, dun proceso de integración europea, e como consecuencia hai alumnos e profesores que se quedaron fora de Europa, teñen a imposibilidade de impartir

doutorado, ausencia dun proceso de acreditación, a falla de suplemento europeo ao título, expulsan ao alumnado do campo de xogo europeo, e iso simplemente limita as súas oportunidades de mobilidade, pero o que teño claro é que somos un pobo que con creces demostrou que podemos exportar creatividade, que temos capacidade de traballo e de liderazgo, a música, a danza, a arte dramática, a conservación, o deseño, son disciplinas esenciais para o desenvolvemento cultural deste país e de Europa, pero esta non é realidade, neste momento son esas universidades privadas as que están ofrecendo esas titulacións de grao, esa o que leva é unha situación de tan gravidade que pon en risco a supervivencia duns centros públicos con longas traxectorias e prestixio merecido. Resulta grave que toda esta situación sexa consecuencia simplemente da obstinación política, esta regulación española e que se ten que sentar porque quen se ten que sentar é a Xunta de Galicia e deu un paso pero hai que ir máis alá porque hai que dar solución a todo este alumnado. Este alumnado no pode quedar fora de Europa, o que fai falla é sentalo e non empezar a dicir que se non hai posibilidades, que se as colas non sei que, iso é o que hai que facer, sentarse e arranxar dunha vez a situación destes alumnados e destas escolas públicas, que levan traballando e teñen merecida completamente a solución. Por iso ímolo facer, e eu como educadora e como presidenta do Consello Municipal onde esta foi unha das mocións trasladadas, creo que teño que dicir aquí o que teño que dicir e defender os dereitos dese alumnado.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 13.11.2014 (Rex. Nº 1007/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.

6.1(214).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO GALEGO A PARALIZAR CAUTELARMENTE A CONCESIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO HOSPITAL DO MEIXOEIRO. EXPTE. 1017/1101.

PRESIDENCIA: A moción urxente do Bloque Nacionalista Galego reconverteuse na declaración institucional.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1(215).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 23 de outubro e 20 de novembro de 2014.

1.2(216).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 23 de outubro e 20 de novembro de 2014.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non houbo.

4.- MOCIÓNS.

4.1(217).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A REALIZAR UNHA AUDITORÍA QUE PERMITA TER OS DATOS REAIS E UN CONTROL EXHAUSTIVO DO SERVIZO QUE ESTÁ A PRESTAR A CONCESIONARIA DO TRANSPORTE PÚBLICO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 1002/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 12 de novembro de 2014, número 1002/1101, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte,

MOCIÓN:

O transporte público é un recurso básico para a cidadanía que as administracións teñen a obriga de ofrecer. A súa boa xestión ofrecería un servizo que permitiría a mobilidade das persoas, que contribuiría ao desenvolvemento sostible da cidade, que protexería o medio ambiente e que redistribuiría a riqueza aumentando a equidade entre a poboación.

Porén, actualmente na nosa cidade, atopámonos cun transporte municipal colectivo ineficiente, que non atende as necesidades básicas dos desprazamentos da poboación deixando lugares públicos de grande importancia sen atender, como o hospital do Meixoeiro por citar un exemplo; deficitario, con constantes enfrontamentos entre a administración local e a concesionaria sobre o seu custe, condicionado, xa que logo, polo beneficio empresarial; e inasequible para unha parte importante da poboación, como as persoas paradas de longa duración que non contan cunha tarxeta de uso gratuíto.

Ademais, o aumento anual do billete ordinario penaliza cada vez máis xente, como as persoas que traballan ou estudan cada día na nosa cidade que veñen de concellos limítrofes e ao non estaren empadroados no concello de Vigo non poden acceder a ningún tipo de bonificación. Esta situación podería solucionarse de existir o tan reclamado transporte metropolitano pero as promesas de desbloquear o proxecto logo do pacto entre o PP e o PSOE nesta cidade quedaron só en promesas pero non chegan a feitos, como acontece con todos os grandes problemas da cidade que se ían solucionar pero seguen presentes. Non vai ser o Partido Popular desde a Xunta de Galicia quen ofrezca un transporte público de calidade cando a realidade das súas accións políticas vai xustamente en sentido contrario. O Plan de transporte metropolitano ten moito de propaganda pero pouco de realidade, de feito os orzamentos de apoio ao transporte público diminuíron en máis dun 77%, nin hai un estudo nin unha planificación das necesidades de desprazamento da poboación nin unha avaliación das medidas establecidas.

Esta é a situación do transporte na nosa cidade, que cada día custa máis cartos aos vigueses e viguesas e ofrece un peor servizo.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao goberno local á realización dunha auditoría que permita ter os datos reais e un control exhaustivo do servizo que está prestando a concesionaria
2. Instar ao goberno local á avaliación do novo mapa de liñas e á súa modificación para atender as necesidades reais de desprazamentos na cidade
3. Instar ao goberno local á conxelación das tarifas do billete ordinario e das diferentes tarxetas do transporte público municipal para o ano 2015
4. Instar ao goberno local á creación dun novo bono-bus que faga o bus urbano gratuíto para as persoas desempregadas de longa duración con ingresos inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional, e para aquelas que carezan de fonte de ingresos.

Con data 17 de novembro de 2014, a Comisión Informativa de Xestión Municipal ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. VELOSO RÍOS: Traemos esta moción ao Pleno de novembro adiantándonos ao momento da toma de decisións sobre os prezos para o ano 2015 do billete do

VITRASA que se producirían no mes de decembro na Xunta da Comisión de Prezos, para poder debater previamente e poder instar a tempo ao Goberno Local para que no ano 2015 non se aumente o prezo do billete ordinario de autobús, como si que se fixo para o ano 2014 que se actualizou subindo o prezo.

Para nós é importante que o servizo público de transporte sexa alcanzable a todo o mundo, por iso nós queremos solicitar e queremos instar ao Goberno Local a que manteña as tarefas actuais das tarxetas do VITRASA, do servizo público de transporte e tamén do billete ordinario.

Despois de ter presentado por Rexistro esta moción houbo unhas declaracións por parte do Goberno Local manifestando a súa intención de conxelar o prezo do billete de VITRASA, pero para nós as cuestións relacionadas con este servizo van moito máis aló, do prezo do billete ordinario. Si que é importante que o billete ordinario se manteña conxelado porque sabemos tamén que hai moitas persoas que se desprazan diariamente pola nosa cidade, que veñen de concellos lindantes porque traballan aquí de maneira diaria ou porque estudan aquí de maneira diaria e que agora non teñen opción de acceder á tarxeta verde por non estar empadroadas na nosa cidade, a pesares de estar aquí estudando ou traballando, por iso é importante que tampouco o billete ordinario suba o prezo como si se fixo o ano pasado.

Ademais tamén queremos insistir na necesidade da creación dun bono bus para as persoas desempregadas e con recursos inferiores ao salario mínimo interprofesional e polo tanto para aquelas que carezan de fontes de ingresos, para que poidan utilizar o servizo de transporte público na nosa cidade. Isto estase facendo noutras cidades, isto poderíase facer nun concello que presume de boa xestión económica, de ter unhas contas saneadas, de ter recursos, deberíase priorizar, ao noso entender, a accesibilidade a un servizo público de transporte para todo o mundo, mesmo para aquelas persoas desempregadas que xa non cobran subsidio, prestación e que non teñen ningún tipo de ingreso e vense obrigadas a pagar o billete ordinario.

Ademais entendemos que nun servizo público como este que é básico, ademais supón vivir nunha cidade na que o desenvolvemento sexa sostible, na que se protexa o medio ambiente, no que redistribúa a riqueza e se lle dea a oportunidade de desprazarse pola cidade, tamén a aquelas persoas que non contan cun vehículo

privado, que non teñen cartos para adquirilo ou para mantelo, para pagar un seguro, para pagar o combustible, dicimos que para un servizo público tan importante como este, dende tódolos puntos de vista, nós queremos que o goberno faga un esforzo por solucionar un problema estrutural deste servizo público de transporte na nosa cidade.

Actualmente imos atoparnos, unha vez máis, cun servizo que ten cada vez menos viaxeiros e que supón polo visto un maior custe para os vigueses/as, porque ímonos atopar unha vez máis con discusións entre a concesionaria e o Goberno Local como xa se produciu a comezos deste ano, sobre o custe deste servizo. Nós non entendemos como pode haber un desfase de millóns de euros entre o que reclama a concesionaria e o que di o Concello que lle ten que pagar por este servizo. Nós o que queremos é que isto non se siga producindo, nós queremos que realice unha auditoría para coñecer realmente as condicións do transporte, o custe deste servizo e que se adapte ás necesidades da cidadanía, que se faga unha auditoría que permita coñecer se o novo mapa de liñas se adapta ás necesidades da cidadanía para saber por que cae o número de pasaxeiros constantemente, canto custa e así realmente poder facer un axuste entre o custe e o servizo que permita tamén achegarllo a máis xente como aquelas persoas que non teñen recursos.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade é que neste Pleno moitas veces dicimos que os señores da oposición non viven nesta cidade, pero hoxe creo que esa premisa que temos comentado non é certa, eu creo que viven noutra galaxia e que de vez en cando veñen ao Pleno, aterran aquí e fan unha manifestación. Hoxe traen unha moción na que nos din que conxelemos o prezo de VITRASA e xa está, dinnos que fagamos unha auditoría e xa está, dinnos que remodelemos ás liñas e xa está e dinnos que fagamos unha modificación ao transporte dos parados e xa está, pero imos argumentar todo isto para ver se son capaces de transmitir todas estas realidades que vive o transporte público na cidade de Vigo.

No ano 2015 será o terceiro ano consecutivo que se conxela a tarifa do transporte colectivo, de tal xeito que tódolos usuarios beneficiarios do bono estudantes, pensionista, xubilados que non sobrepasen o salario mínimo interprofesional, o bono social onde están incluídos os parados, a tarxeta verde, o desprazamento á

cidade universitaria, todos estes colectivos para o ano 2015 verán como por terceiro ano consecutivo o seu billete está conxelado, dígolle máis, esta certificación da Xunta de Goberno do ano 2011, no ano 2015 seguirá en vigor, porque os prezos seguen sendo os que se publicaron nesta acta da sesión da Xunta de Goberno no ano 2011, esta cidade na que vivimos e na que viven as viguesas/es pero como as veces dicimos que o Goberno Local pode dicir as cousas, que as cousas sexan reais ou non sexan reais, vou ir á Organizacións de Consumidores e Usuarios, en relación co prezo do transporte urbano colectivo fixo un estudo nas 53 cidades españolas de máis poboación, a raíz deste estudo denunciou que o prezo do transporte urbano subiu no ano 2013, o 8,1%, dio ao OCU, Vigo 0%.

Tamén di que este ano experimentou a maior subida dos últimos anos e a cidade máis afectada foi Madrid, seguida de Barcelona, cidades gobernadas como ben saben, Madrid polo Partido Popular e Barcelona gobernada polos nacionalistas.

Cabe destacar que a evolución dos prezos subiu de forma desmesurada segue dicindo isto o estudo da OCU, por exemplo, Albacete subiu nun 79% nestes tres últimos anos, mentres Vigo subiu cero, noutras cidades como Burgos, Castellón, San Sebastián ou Palma de Mallorca as cidade e a subida tamén foron importantes superando o 10%. O estudo destacou que das 14 cidades que ofrecían interesantes descontos aos desempregados ou familias con baixo recursos destaca: Vigo, Sevilla, Málaga, Zaragoza, Salamanca, Badaxoz e Lleida, dio ao OCU.

En resumo, mentres as demais cidades incrementan o seu prezo de transporte urbano colectivo por enriba do 8%, Vigo no ano 2013, no ano 2014 e no ano 2015 mantén os mesmos prezos. Xa como comentei anteriormente Vigo ten conxelado os seus bonos e o uso do transporte para tódolos cidadáns. Os fondos destinados deste Concello ás políticas de transporte para o financiamento das axudas ao transporte urbano colectivo, medraron un 12,40%, máis de dous millóns de euros como ben saben os concelleiros do oposición. Cando gobernaba nesta cidade o Partido Popular no ano 2007 o incremento dende ese ano ata agora é dun 118%, de 5,6 millóns que destinaban a que as viguesas/es con máis necesidades poidan ter reducido os seus billetes, o Goberno do Partido Popular 5,6 millóns, o Goberno do Sr. Abel Caballero, 12 millóns de euros.

Como xa recordei antes, mentres o resto de España subían o 8,1%, Vigo conxelaba as súas tarefas. Sobre o custo ao Campus da Universidade, a verdade señores do

Bloque Nacionalista Galego menos mal que tiveron a Alcaldía catro anos, chegan a tela oito e desfán a cidade, porque ese acordo que fixeron no ano 2001 cando tiñan a Alcaldía da cidade supoñía que o prezo por quilometro era de 5,26 euros, as medidas que como vostede di, as discrepancias que este Goberno ten e as auditorías que este Goberno ten con tódalas empresas concesionarias fan neste momento o prezo de 5,26 sexa a 4,50 euros.

SR. ARAÚJO PEREIRA: En primeiro lugar, a verdade é que os datos que nos da Sr. Regades, nalgún caso son incertos, é certo ou posiblemente sexa certo que a OCU dan un 8% de subida pero iso de que Vigo sexa cero, no informe e na solicitude que fai a concesionaria di que como consecuencia da conxelación da tarifa sufrida en 2013 débenselle 813.714 euros, e o Concello de Vigo di 610.285, iso non é cero, Sr. Regades, iso son medio millón de euros que temos que pagar tódolos vigueses. Tamén lle digo, dinos que pasamos de gastar en darlle á concesionaria seis millóns de euros a doce millóns de euros, con doce millóns de euros faise moita labor social e pódense crear moitos empregos nesta cidade, Sr. Regades.

A verdade é que tamén é tedioso debater durante tres anos, como levo, este mesmo teña sen que se lle faga caso ao Pleno, indubidablemente que imos votar a favor desta moción do Bloque Nacionalista Galego porque ten toda a razón do mundo de ser así e que é verdade que Sr. Secretario é a terceira vez que se mete en Pleno unha moción co mesmo argumento, fondo. Dende o Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo defendemos o transporte colectivo como non podería ser doutra maneira, como un servizo básico, tanto é así que nun dos puntos prioritarios para chegar a este acordo puntual de aprobación de orzamentos foi o tema do transporte metropolitano enlazándoo co transporte urbano de Vigo, fíxese vostede se lle damos importancia a este tema.

Fíxese vostede tamén si se debateu que se instou ao Goberno a realizar unha auditoría, xa en decembro de 2012, os datos desa auditoría que vostede di que fan, non os temos, de ningunha das concesionarias e falando cos técnicos municipais tamén nos din que non as teñen, non sei de onde os saca vostede igual é que o audita, como é certo que están por tódalas parroquias pois posiblemente sexa así. A verdade é que temos un problema real e os problemas reais no transporte son como dicía, nalgunha parte da súa moción a Sra. Veloso, que temos un servizo

deficiente, que é deficiente e fai que os cidadáns cada vez usen menos este servizo e é unha realidade, pero non o digo eu, hoxe o Valedor do Pobo confirmáboo cando dicía “unha vez analizado os tempos de estacionamento na cidade de Vigo produciuse un incremento no tempo de estacionamento”, por que se cre vostede que isto? Porque hai máis coches na cidade, porque a xente usa menos o transporte, entón por que o usa menos? Por que é un transporte cada vez máis caro, incrementouse nos últimos tempos o transporte e cada vez pagámolo máis caro, ben de forma directa ou ben sexa de forma indirecta. Tamén é certo que non se melloraron as frecuencias de paso, vendéronnos un plan que para nós, e así o dixemos, era un plan de transporte ficticio, electoralista e fantasma que non fixo absolutamente nada, digo o que fixo: incrementar ou rebaixar o quilometraxe que facían os autobuses nesta cidade porque tamén a concesionaria solicitoulle a este Concello que por exceso de quilómetros, dez millóns de quilómetros segundo o contrato, debíanselle 43 millóns de euros Sr. Regades, isto sabe que significa Sr. Regades e Sra. Presidenta, xa que non está o Alcalde aquí? Que poñen en risco e poden quebrar as arcas municipais, iso si que é preocupante.

Tamén lle solicitan ao concesionario 7,5 millóns de euros polo tema de transbordos, isto si que me preocupa, e si que fai que este sexa un goberno ineficaz.

Dicía o Sr. Font, un goberno que non xera e non da solucións, solución lóxica que ten que dar a un dos problemas máis importantes desta cidade como é o transporte é un goberno que non vale para nada, eu non sei se o poden asumir vostedes, porque non deron solución a nada, levan sete anos sen ser capaces de negociar coa concesionaria un cambio de contrato para facer un transporte colectivo público nesta cidade que sexa eficiente.

A parte, fixeron algo que tamén é negativo, xeraron un servizo discriminatorio, din que se necesita o padrón para os bonos, é un servizo básico, están moi equivocados. Outra cousa, hai unha discriminación, os estudantes pagan a 0,85 euros, os universitarios a 0,65 euros, explíqueme por que, non son estudantes uns e outros?.

SRA. VELOSO RÍOS: Efectivamente é un tema que ven recurrentemente ao Pleno porque é un asunto que ten unha situación preocupante e non se da resolto, directamente.

Esas diferencias entre o que reclama a concesionaria e o que di o Concello que ten que pagar, son constantes e son de millóns de euros como ben explicaba o Sr. Araújo, o mapa de liñas segue sen adaptarse ás necesidades e a proba é ir nun autobús e escoitar o que di a xente porque o Sr. Regades insiste, en teoría para argumentar, en que non vivimos nesta cidade, en que non vivimos nesta galaxia, galácticos son outros neste Concello, neste Concello hai un señor moi galáctico pero os demais como xente de a pe que ten a súa tarxeta verde para coller o VITRASA, que por certo teño que recargar porque o venres me dicía que quedaban 4,84 euros, e que eu son unha das pasaxeiros que perde VITRASA, porque eu utilizaba esta tarxeta para coller o C2 para virme a este Concello porque vivo na Travesía, collía o C2 e en 20 minutos chegaba aí a parada de Cachamuiña, onde si existe por certo unha parada, e tardaba vinte minutos, agora a frecuencia do C2 en vez de 15 minutos é media hora, e cando chega ao Areal para garantir esa conexión co estación do tren está 10 minutos parado, co cal eu tardo 30 minutos en chegar ao Concello en non 20 minutos, esa é a realidade do novo mapa de liñas. Igual que unha colle o C3 para ir a Bouzase e atópase que xa non vai por Tomás Alonso, vai por Beiramar, porque os veciños están protestando porque en Beiramar dende a rotonda da rúa Coruña ata Bouzas xa non hai autobús, nin sequera hai paradas, de feito o C3 foi por alí e parou no medio da nada porque non sequera paradas. Eses son problemas, xente que vive en Candeán collía o seu autobús para baixar a traballar e xa non ten autobús para chegar á hora do traballo a Vigo, esa é a realidade.

Eu non minto cando lle conto que xa non podo usar o autobús para vir a este Concello porque se teño que estar aquí as 8:30 para a Xerencia de Urbanismo non chego a tempo coas frecuencias que hai e co primeiro autobús que ven o C2, esa é a realidade, e vostedes o que queren é seguir gastando os cartos porque non nos custa o que nos custa o billete, nos custa ademais doce millóns de euros que están na partida orzamentaria para VITRASA e nós o que queremos é que eses cartos de todos/as sirvan para ter un servizo público de transporte que atende ás necesidades da cidadanía, que faga que os traballadores/as poidan coller o autobús para ir a traballar, por exemplo ao Meixoeiro e que ademais poidan subir todo o mundo, mesmo aquelas persoas que non teñen traballo nin ingresos.

Pero a vostedes iso non lle interesa nada, Sr. Regades.

PRESIDENCIA: Como aquí houbo o voceiro que falou en nome do Grupo Popular que se dirixiu a presidenta deste Pleno porque non estaba o Alcalde e a voceira do Bloque Nacionalista Galego que presentaba esta moción falaba de que aquí había un señor moi galáctico, simplemente dicirlle para non alporizalos, que hoxe os vexo moi alporizalos Sr. Araújo, de quebra das arcas municipais mellor non imos falar porque están ligados a tempos escuros e mellor non imos falar, e non vou falar, non vou lembrar quebras de arcas municipais.

Aquí hai un señor moi galáctico, o mellor Alcalde da historia de Vigo que é o que fai posible que teñamos o mellor transporte urbano de Galicia, dio a OCU. Por certo, cando pecha un debate a Presidenta, neste caso, do Pleno, ten dereito a facelo e non se pode debater con ela, estouno pechando porque se fixeron claras alusións, moi galáctico, é certo que si porque a mellor política de transporte da historia de Vigo, dio a OCU, de Galicia e de España. Eu xa entendo que aqueles que eran tan amigos das concesionarias e lle daban tantos regalos, se sintan molestos con esta nova política.

Sr. Regades, felicítoos pola súa boa xestión, porque é unha extraordinaria xestión e todas as viguesas/es sábeno. Aquí o que pasa é que como non hai ningún argumento serio que poñer enriba da mesa faise demagogia, só demagogia.

VOTACIÓN: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e dez votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Silva Rego (Presidencia), adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 12.11.2014 (Rex. Nº 1002/1101), pola voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.2(218).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A ACTIVAR E DINAMIZAR A MESA LOCAL DE COORDINACIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 1003/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 12 de novembro de 2014, número 1003/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte,

MOCIÓN:

A violencia machista constitúe o máis cruel expoñente da falta de igualdade na nosa sociedade e un dos ataques máis flagrantes aos dereitos fundamentais das persoas implicando un atentado contra o dereito á vida, á seguridade e á liberdade, á dignidade e á integridade física e psíquica das vítimas e, polo tanto, un obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade mais xusta e igualitaria.

Compete aos poderes públicos a loita para a prevención e a erradicación da violencia de xénero, coa obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

Polo tanto, resulta fundamental coordinar todos os recursos dirixidos a sensibilizar a toda a sociedade na loita e prevención da violencia de xénero.

Tanto a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes e a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, recoñecen o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, como o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, de prevención e erradicación da violencia de xénero, e para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social, e establecen que a Administración autonómica colaborará coas entidades locais para estes efectos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguintes acordos:

1.-Instar ao Concello de Vigo a activar e dinamizar a Mesa Local de Coordinación contra a Violencia de Xénero a través da Concellería competente en materia de igualdade, coa súa representación directa, así como dos ámbitos de servizos sociais municipais, CIMs, educativo, sanitario, xudicial, forzas e corpos de seguridade e daqueles outros que traballen na prevención, sensibilización e intervención da violencia de xénero.

2.-Instar á Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a apoiar a creación, activación e dinamización das Mesas Locais de Coordinación Contra a Violencia de Xénero a través da elaboración dun Regulamento de organización e funcionamento para acadar unha mellor coordinación interinstitucional, entre as Administracións central, autonómica e local.

Con data 17 de novembro de 2014, a Comisión Informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Quero comezar a miña moción lembrando que foron catro mulleres asasinadas por violencia de xénero este ano en Galicia, demasiadas, mentres haxa unha soa vítima será necesario o esforzo de todos como obxectivo irrenunciado para erradicar a violencia de xénero. Estou convencida que dende o diálogo e consenso político e social podemos multiplicar o efecto das medidas en contra da violencia machista. Ese é o espírito que presidiu tódalas políticas dende os primeiros plans específicos dos anos 90 ata a Lei estatal contra a violencia de xénero do ano 2014, aprobada por unanimidade e pola Lei galega de 2007, de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, aprobada tamén por unanimidade no Parlamento da nosa comunidade autónoma de Galicia.

En 2013, faleceron en España 54 mulleres vítimas de violencia de xénero e 42 nenos quedáronse orfos e tres de elas eran galegas. Rexistráronse a “friolera” de 124.894 denuncias por violencia de xénero, 5.174 en Galicia, son cifras escalofriantes que 5.174 mulleres galegas teñan que denunciar as súas parellas ou maridos por un problema doméstico como este, de violencia de xénero.

En España foron 38.536 solicitudes de ordes de protección e 1.490 en Galicia, este

2014 son 24 mulleres en todo o país que faleceron ata a data e catro mulleres galegas. Ningún índice de maltrato sexa o que sexa debe quedar impune, nin podemos tolerar que ningunha muller deixe de denunciar por ningún motivo, debemos apoiar e debemos poñer tódalas medidas necesarias dende o Goberno Central, dende a nosa Comunidade Autónoma e dende o Concello de Vigo, e sumarnos a tódalas iniciativas posibles. Romper o silencio supón sen dúbida a porta de saída á violencia e ademais é a única forma de castigar ao agresor, sensibilizar con campañas como se levaron ata agora á hora denunciar calquera tipo de situación é fundamental.

A folla de ruta contra esta lacra social é a prevención, a sensibilización, a denuncia, a atención e a protección. Non é unha cuestión, Sra. Abelairas, ideolóxica nin de partidos políticos, debe ir moito máis alá, é un asunto de estado e é inaceptable que na nosa sociedade se manteñan condutas que atentan contra a dignidade e contra a vida das mulleres.

Por iso, considero que nos atopamos ante un problema que require ser abordado con unidade, diálogo e consenso, algo que dende o Partido Popular estamos levando a cabo dende tódolos ámbitos do noso traballo. É fundamental a coordinación e a colaboración entre tódolos axentes implicados, tanto administracións públicas como poder o xudicial e os corpos e forzas de seguridade do Estado.

Así debemos actuar transversalmente neste eixos e esa é a forma de mellorar a atención integral imprescindible neste materia.

Para todo iso o que solicitamos dende o grupo municipal do Partido Popular é instar ao Concello e Vigo a activar e dinamizar a Mesa Local de Coordinación contra a Violencia de Xénero a través da concellería competente en materia de igualdade.

SRA. VELOSO RÍOS: A verdade é que despois de escoitar a intervención da Sra. García pensei que ía modificar a súa moción e pedir algo máis porque se realmente todo o que se lle ocorre ao Partido Popular para solucionar un problema tan grave é reactivar a Mesa da violencia, a nós parécenos ben que a Mesa funcione, de feito, púxo a en marcha o Bloque Nacionalista Galego cando tiña responsabilidades de goberno neste Concello, foi quen constituíu a Mesa de Violencia e quen a puxo a funcionar, creo que cuns resultados positivos, e nós por suposto, estamos a favor

de que siga funcionando pero realmente parece un pouco de chiste, sobre todo se valoramos as accións para conseguir a igualdade entre homes e mulleres e para solucionar os problemas de violencia de xénero que está tomando o Partido Popular alí onde goberna, tanto no Goberno do Estado, como no Goberno de Galicia. Realmente dicir que é un problema tan grave que afecta dunha maneira tan tremenda ás mulleres do noso país e logo facer o que se fai dende a Xunta de Galicia é realmente asombroso.

Vou facer referencia a ese “Informe Sombra”, e debe ser polo nome que lle parece a vostede tan misterioso, no que hai un anexo no que se recolle a evolución dos orzamentos adicados a igualdade polas distintas comunidades autónomas do Estado español, se recollen os orzamentos da Secretaría Xeral de Igualdade que en 2008 era de 10.838.616 euros, en 2013 eran 3.524.510 euros, rebaixáronse 7.314.106 euros dos orzamentos da Secretaría Xeral de Igualdade, é dicir, rebaixou un 67,5% os orzamentos adicados a igualdade en cinco anos, iso equivale a que por cada habitante do noso país se dedica un 1,3 euros a traballar pola igualdade porque eu non sei como pensa que se fan as cousas Sra. García, porque sen cartos, con discursos bastante pouco se pode facer. Dedícaselle un 0,04% dos Orzamentos á igualdade no noso país, eses son os datos das políticas de igualdade do Partido Popular en Galicia. A vostedes a igualdade lles parece exactamente iso, un 0,04% do que importa na vida, por iso a vostede lle parece que ese organismo da ONU que fai os informes sombra, pois teñen unha importancia menor como vostede dixo, vostede dixo “iso non o debemos coñecer porque debe ter unha importancia menor”, pregunte en Madrid se ten unha importancia menor, pregunte aos seus compañeiros do Goberno do Estado español se ten unha importancia menor, porque ese Comité de Nacións Unidas para a eliminación da discriminación contra a muller, que a vostede non lle soaba de nada, condenou ao Estado español por non protexer á filla dunha vítima de violencia de xénero que logo de moitas denuncias por parte da súa nai, foi asasinada polo seu pai; é a primeira vez que a ONU condena ao Estado español por unha neglixencia semellante, é unha condena firme e vinculante, é un Comité con tan pouca importancia que condena ao Estado español e obriga a indemnizar á nai desa nena asasinada, porque vostedes ultimamente falan moito de protexer aos menores, á familia, pero a vostedes os menores e a familia lles interesa antes de nazar, despois de que nazar bastante

pouco. Se as mata o seu pai, mala sorte porque non se lles pode quitar o réxime de visitas nin de nada que se lle pareza.

Ese Comité condenou ao Estado español e ademais advírteo que non está cumprindo o convenio ratificado polo Estado español para traballar pola igualdade entre homes e mulleres. Esa é a realidade, logo tócanos os discursos cando se asasina outra muller máis, logo temos que escoitar que morreron catro mulleres no noso país, logo temos que escoitar que esta é unha lacra social que ten que desaparecer, pero é que non sei como pretenden vostedes facelo? E iso si é unha cuestión ideolóxica, cando hai un goberno que pretende devolver ás mulleres as súas casas, a ocuparse das persoas dependentes, cando precarizan as súas condicións de traballo, cando non lles permiten tomar decisións sobre os seus propios corpos, todas esas accións políticas e esas decisións sobre a vida das mulleres van en contra da igualdade das mulleres e polo tanto reforzan a violencia de xénero, isto debería sabelo. Se todo o que se lles ocorre é reformar a Mesa de Violencia a nós parécenos ben que se reforce a Mesa de Violencia, pero dende logo deberían darlle unha volta.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sra. García, e que vostede mesma se está descualificando, é demagogia todo o que fai. Cando lle dixen que ignoraba todo en canto a violencia de xénero, é que non só ignora todo e que nin o nomea, ou sexa que se un home lle da coa tixola na cabeza a muller e lla abre, é un problema doméstico. Precisamente violencia de xénero se chama así precisamente por iso, non comece por cambiarlle o nome, non é violencia doméstica, se está no patio ou se está na rúa e lle da coa tixola, pois resulta que xa non sería violencia doméstica. A verdade é que dan ganas de non contestar, pero é que é demasiado serio todo isto.

Sr. García, cando o Estado recorta o 33% do seu Orzamento en materia de igualdade, cando recorta o 22% nas políticas en contra da violencia de xénero, me pide vostede que se reúna a mesa, reuniuse dúas veces e vaise reunir as veces que faga falla, pero debería falar co seu ministro, non sei como é o ministro que teñen agora, porque o anterior estaba moi preocupado polo útero das mulleres e por legislar en contra dos cidadás, esqueceuse que en Vigo había un xulgado contra a violencia de xénero, onde a xuíz titular leva de baixa dende decembro do ano

pasado e nese período xa pasaron tres xuízas. Por certo xa cando estaba de concelleira a Sra. Veloso, pedíase que ese xulgado de violencia de xénero cando menos tivera un espazo independente para que puidera declarar por separado a vítima do verdugo tres este ano, co cal ningunha delas permaneceu máis de tres meses o que supón unha falta de respecto total e absoluto para as mulleres vítimas da violencia de xénero, ata se chegou a pedir un biombo, que creo que aínda está sen poñer.

É necesario tomar en serio as funcións desa Mesa, nós estámolo facendo, por iso, reiteramos e pedimos que se teña en conta que ten que existir unha xuíza titular e que no se pode estar cambiando cada tres meses.

Non só esta a xuíza para escoitar, está para propoñer melloras, para facer un seguimento do desenvolvemento desas melloras, non se pode facer ningunha das dúas se se está pendente de que se teña que marchar para outro sitio.

Como vostede sabe, o Consello Xeral do Poder Xudicial é o órgano encargado da substitución das xuízas, polo que pode aproveitar para pedirlle ao Goberno Central que lle esixa que se cubran esas substitucións no máximo tempo posible e que non as cambie cada dous ou tres meses, ínstalle a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia para que tome cartas no asunto e que non faga desleixo das súas funcións, porque a Área de Igualdade e a área demasiada seria para mirar para o outro lado, e prégoille que lea o “Informe Sombra”.

O “Informe Sombra” fala fundamentalmente da volta, da pretensión do Goberno de España, estalle tirando das orellas, para que a muller volva para a casa, porque oito millóns de mulleres en peor condicións laborais, 2,4 millóns de mulleres paradas, abaratamento do despido, temporalidade, desaparición dos comedores escolares, das bolsas de comedor, das de libros, eliminar a educación para a cidadanía foi o maior erro, e fíxese a preocupación do Partido Popular que elimina a proximidade, unha muller maltratada en Vigo, e gracias ás políticas deste goberno, segue existindo o Centro de Emerxencia, porque xa me dirá que ían facer a Santiago de Compostela, ese centro que vostedes crearon aí para non sei que, coas competencias impropias. Eliminando o salario que lle supoñía á muller a atención por dependencia, etc.

Todo iso, redunda en que cada vez sexa máis complicado e máis difícil conseguir esa igualdade.

Vostedes, dende a Xunta de Galicia, tanto se preocupan que se non estivera o Concello Vigo mantendo integramente o Centro de Emerxencia de Pintor Lugo non sei o que pasaría nesta cidade, e para iso está o Concello, non vostedes, que o único que fan é desvirtuar o debate, levalo para Santiago de Compostela facendo unha teoría sobre a igualdade que non ten nada que ver coa realidade, porque xa tratan de cambiarlle o nome, cando vostede mesma fala de violencia doméstica, pois non, violencia de xénero, e é violencia de xénero porque é exercida sobre unha muller, sobre un xénero determinado, violencia machista.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sra. Veloso, vostedes caracterizouse mentres estaba gobernando co Partido Socialista durante os catro anos que gobernou, por unha redución do Orzamento que non a houbo maior neste Concello de Vigo, no ano 2010 tiña un Orzamento de 1.560.000 pasando a 1.174.000 euros, creo que os comentarios sobran, a volta con respecto a este tema igual ten que dala vostede, porque que diga que o Partido Popular non lle importa que si un pai maltrata e chegar a asasinar ao seu fillo e que non lle importa absolutamente nada, paréceme que a volta ten que dala vostede, porque paréceme unha falla de respecto que poida dicir algo así, sinceramente fágallo mirar Sra. Veloso porque creo que ten un problema, fágallo mirar Sra. Veloso que a volta creo que ten que dala é vostede.

Con respecto á Mesa Local, dende logo é unha iniciativa máis, e algo que debemos levar a cabo, é algo que se debe impulsar e que non haxa unha xuíza titular no Xulgado de Violencia de Xénero como di vostede, houbo tres neste ano, dalgún xeito fixeron o papel que nese momento necesitouse polas razóns que sexan, non é unha condición esa para que a Mesa non se reúna, en todo o ano 2014 non houbo unha reunión da Mesa Local contra a violencia de xénero, non é a solución, por desgracia pero o que si é importante para consensuar medidas e para tomar iniciativas e para poder traballar con respecto a isto, con respecto á violencia de xénero que é un tema moi serio. A Mesa é para coordinar, xuntar esforzos e sumar, por favor, Sra. Abelairas faga o favor que eu non lle falto ao respecto, cando fala bastante teño que aturala.

Sorpréndenos enormemente ademais que critique o traballo do Goberno Central, cando vostede no Concello de Vigo tiña a Área de Cultura e a de Educación e de repente vostede onde está ten a peor xestión de todo o goberno. Agora está en

Igualdade, ten unha situación moi complexa cos traballadores, en Igualdade, Benestar, pero non só dentro senón fora, que veña a criticar a xestión do Goberno Central en vez de traballar para poder solucionar determinados problemas e situacións como é esta, que é fundamental, creo que é unha falla de atención polo menos con respecto ao seu traballo, e a Mesa Local debe reactivarse e poñerse en funcionamento porque xa lle digo que no ano 2003 o interese do Goberno Local do Concello de Vigo con respecto a este tema foi nula.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 12.11.2014 (Rex. Nº 1003/1101), pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.3(219).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A ACTUALIZAR A NORMATIVA DE ACCESO E CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS NO CASCO VELLO ÁS NECESIDADES ACTUAIS E REAIS DOS VECIÑOS USUARIOS. EXPTE. 1004/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 12 de novembro de 2014, número 1004/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN:

Na actualidade a circulación de vehículos no Casco Vello de Vigo atópase regulada por decretos nos que se define a restrición de acceso de vehículos ao barrio histórico, establecendo as limitacións e as condicións que deben cumprir os

residentes para obter as tarxetas que dan acceso a esta zona da cidade.

Nos últimos tempos temos recibido queixas de veciños residentes no Casco Vello baixo aos que se lle está denegando a obtención das tarxetas, alegando o Concello unha “nova interpretación” da norma, que os deixa nunha situación de absoluta indefensión e sen unha posibilidade real de acceder con garantías á súa zona de residencia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Actualizar a normativa de acceso e circulación de vehículos no Casco Vello de Vigo ás necesidades actuais e reais dos veciños usuarios, que permita aos residentes que ate o de agora viñan dispoñendo de tarxetas de acceso, renóvalas nas mesmas condicións que o viñan facendo, para poder ter servizo e acceso as súas vivendas.

Con data 17 de outubro de 2014, a Comisión Informativa de Xestión Municipal ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. ARAÚJO PEREIRA: Imos falar hoxe non só centrarnos no Casco Vello senón tamén de cascos históricos, de temas de mobilidade, de aparcadoiro e de circulación. Se é verdade que en tódolos Casco Vello, nós defendemos o mesmo criterio que os técnicos municipais, as asociacións veciñais e comerciantes, de preservar o máximo carácter peonil desta zona, con todo o que isto leva consigo para a imaxe da cidade, o turismo e a calidade de Vigo, no só no Casco Vello senón en moitas zonas da cidade, pero centrándome no tema que nos toca debater hoxe, o grupo municipal do Partido Popular recibiu queixas dos veciños residentes no Casco Vello que se atoparon algúns deles cando cambiaron o seu vehículo con outra matrícula e foron solicitar outra tarxeta para entrar e circular no Casco Vello igual que para aparcar, que se atoparon cun cambio de interpretación da norma e que non lles deixaban acceso en moitos casos as súas vivendas. É verdade é que todo este problema deriva en que en todas estas zonas hai un problema de aparcadoiro, hai un problema de que non se pode deixar o coche porque os edificios son edificios vellos e non teñen aparcadoiro, este é un problema que hai que solucionar previamente, non entrando neste tema é verdade que o que

podemos facer de feito e de forma rápida é actualizar a normativa e a ordenanza que temos nese sentido.

As tarxetas en vigor teñen unha vixencia media ata o 30 de xaneiro do 2015, neste momento moitos veciños das rúas do perímetro do Casco Histórico vello baixo limitadas por Elduayen, Carral, Cánovas del Castillo, Avenida de Beiramar ata a súa confluencia con San Francisco e rúa Poboadores ata a súa confluencia con Elduayen empezan a ter un problema porque a norma di “o ámbito territorial de aplicación é no interior do perímetro limitado por estas rúas”, é verdade que ata agora non se entendía así a norma, se lles estaba dando acceso a esta zona a tódolos veciños que vivían nestas rúas.

Anticipándonos a este problema que posiblemente pase a partir de xaneiro e falando con técnicos municipais vemos que esta norma xa se quedou un pouco obsoleta e podemos darlle un cambio, intentar analizar a situación nestas zonas, tanto de aparcadoiro como de circulación cos veciños, e pensamos que calquera decisión que se tome ou cambie o criterio que afecta aos veciños debe tomarse e ser informada dentro dun clima de diálogo e cun máximo consenso.

Neste sentido, nós e falando cos veciños pensamos que deben ter reunións entre técnicos municipais, veciños e asociacións de comerciantes para ver como se pode establecer unha norma que non só afecte ao Casco Vello baixo, alto, que tampouco sei por que se delimitan así, porque todo é Casco Vello, pero tamén a outros Cascos Históricos que temos na cidade e que teñen esta mesma problemática. Por iso nós pedimos que se actualice a norma de acceso e de circulación de vehículos ao Casco Vello de Vigo, resolven as necesidades actuais e reais dos veciños usuarios, e que permitan aos residentes que ata agora viñan dispoñendo de tarxetas de acceso renovadas e poder ter servizo e acceso ás súas vivendas que nalgún caso ata hai veciños que non poden entrar ata as súas vivendas.

Tamén lembrar que é importante os accesos de servizos públicos como é Policía, Bombeiros, etc. e ambulancias que nalgún caso tamén tiñan problemas.

Alegrámonos que hai dúas semanas se fixo unha rolda de prensa sobre este tema e falamos dun bolardo que levaba sen funcionar na rúas. Vicente, alegrámonos de que se arranxara, levaba sen funcionar case tres anos e agora funciona e iso nos permite que se regule e que non poda entrar toda a xente sen tarxeta e sen permiso a esta zona. Sen máis quedo a vosa disposición.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Nós non podemos votar esta moción, en primeiro lugar porque a propia resolución da moción é absolutamente contraditoria, entón vostedes non se aclaran nesta moción, vouna ler textualmente, vostede piden “actualizar a normativa de acceso e circulación de vehículos no Casco Vello de Vigo ás necesidades actuais e reais dos veciños”, ou sexa vostedes piden que se actualice e que se adapten ás novas necesidades, pero logo aquí na mesma moción di “que permita aos residentes que ata o de agora viñan dispoñendo de tarxetas de acceso, renovalas” e di “nas mesmas condicións que o viñan facendo”, non entendo que vostedes pidan actualizar a normativa ás novas necesidades reais, e logo que digan que aqueles que teñan tarxetas sigan renovándoas coas mesmas condicións que tiñan ata o momento, non entendemos, no fondo desta moción está un problema importante no Casco Vello que é problema da mobilidade, que hai que afrontala e nós vimos defendendo isto dende sempre, dun xeito integral. Nós non coñecemos, e xa aproveito para o concelleiro/a delegado/a nolo faga pasar, non coñecemos cales son esas novas normas e queremos estudalas, por que? Porque se se trata de novas normas que o que fagan é abrir moito máis o tráfico rodado o Casco Vello, nós xa lle dicimos que estaremos en contra, se as mesmas normas son e se adaptan ás necesidades dos veciños, dos residentes, así como a facilitar o acceso de servizos públicos e a facilitar tamén a actividade comercial que hai na zona, evidentemente estamos dispostos a estudar, pero non coñecemos, non sabemos cales son esas novas normas das que vostede fala na moción, porque só vostedes pois se remiten á renovación das propias tarxetas.

O problema da mobilidade no Casco Vello, señores do Partido Popular, ten que ver co transporte público que se elimina do Casco Vello, que seica non funcionaba pero resulta que agora se adica a transportar a operarios vigueses. O tema de mobilidade ten moito que ver co propio mantemento do Casco Vello, o problema da mobilidade ten tamén moito que ver con novas alternativas de unión entre a parte baixa e a alta do Casco Vello, a min por certo, produciume certa risa que o Partido Popular hai uns días anuncia a bombo e prato, dentro das súas novas propostas electorais, unha nova comunicación entre o Casco Vello, o Castro cun funicular, prodúceme moita gracia e rabia ao mesmo tempo porque foi o Partido Popular cando chegou á Xunta de Galicia quen eliminou un proxecto aprobado en concurso

de ideas pola anterior goberno bipartito para a Xunta de Galicia que contemplaba precisamente, toda a rexeneración da zona do Berbés cun transporte que ía unir todo, estaba aprobado o concurso de ideas no goberno bipartito, estaba a consignación orzamentaria plurianual e vostedes cando chegaron á Xunta de Galicia o eliminaron, dixeron cero euros para ese proxecto.

A mobilidade no Casco Vello non ten só que ver cunhas tarxetas, ten que ver cunha planificación integral, e cunha planificación que abrangue todo, non só que un residente poida levar o seu coche ao seu domicilio, que me parece normal, senón tamén que nos podamos mover moito mellor polo Casco Vello, e que podamos ademais traballar para a unión deses dous barrios. Cando se fala de mobilidade ten algo que ver tamén cando o Bloque Nacionalista Galego ampliou a Porta do Sol e creou esa gran praza que hoxe é, defendíamos que o tráfico rodado por aí tiña que ser un tráfico mínimo, pero chegou un concelleiro daquela do Partido Socialista que dixo que non, que o tráfico tiña que ser igual que era antes.

Polo tanto, nós queremos estudar esas novas medidas e queremos saber que é o que pretende o Goberno Municipal se e que efectivamente hai unhas novas normas.

SR. LÓPEZ FONT: Efectivamente eu tamén detectei a contradición na presentación desta moción, sabendo o que realmente se quere dicir, pero é certo que hai unha contradición.

Eu creo que o primeiro que hai que recoñecer é que o Casco Vello leva un desenvolvemento espectacular nos sete últimos anos, é dicir, pechar os ollos e abrilos de como estaba o Casco Vello e de que como está agora non ten absolutamente nada que ver, e nese sentido refírome a sete anos e medio pero quero tamén quero publicamente recoñecer o papel do Sr. Domínguez nese desenvolvemento e ese cambio total foi gracias ao esforzo deste goberno, e é verdade que este cambio tan importante pode levar a necesarias actualizacións que non deixamos de facer en ningún momento, pero claro unha actuación que leva consigo en sete ano 132 actuacións de rehabilitacións rematadas, 271 actuacións iniciadas en trámite e un investimento por este goberno municipal de máis de 30 millóns de euros, evidentemente as actualizacións sempre se teñen que facer.

O que pasa é que isto o fixemos, as actualizacións, con tódolos axentes sociais, como facemos sempre dende o Goberno. O outro día tiñamos unha reunión cos rexistradores para dar solución ao problema que significa o acceso ao Casco Vello por unha nova situación que dende logo lle da moita calidade como é o tema dos rexistros. Eu dende logo quero aproveitar para felicitar a miña compañeira, a tenente de alcalde polo importante traballo que se está facendo, insisto, continuando co de catro anos anteriores, pero ao final podemos presumir de sete anos e medio dun cambio substancial no Casco Vello.

Dito isto, é verdade que hai materias máis sensibles, é máis fácil facer tódalas actuacións que mencionaba que abordar o problema de mobilidade, que eu coincido co Sr. Domínguez que ten unha proposta integral. Eu agradézolle a moción porque implicitamente é un recoñecemento ao que estamos facendo, cousa que en vostedes soe ser difícil que pase, o que pasa é que estas mocións, eu comprendo que dende a oposición cando hai que facer unha moción fronte a un goberno tan altamente valorado polos cidadáns, con tódolos temas que abarca dende o diálogo e demais pois é difícil, entón eu a esta modalidade de mocións as chamo cando se sabe que o Goberno vai facer algo, presento unha moción e se debate. Eu xa tiven algunha anécdota neste Pleno sobre a paternidade das cuestións, cuestión que demostrei que era na maioría dos casos nosa e evidentemente que estamos traballando nesa nova actualización. Como sempre, xa lle digo que estivemos con rexistradores, estamos abordando tódolos problemas, o que pasa é que esa actualización, as necesarias, ímolas facer en diálogo con todos, e xa me gustaría a min que vostedes que predicán tanto o do diálogo, o fixeran efectivo, xa me gustaría a min que cando vostedes recortan a teleasistencia nesta cidade dixeran: “imos ver a quen afecta”, xa me gustaría que o Presidente da Xunta de Galicia atendera os requirimentos de entrevista do Alcalde de Vigo, a cidade máis importante de Galicia, agora iso si para dicir que o Goberno Municipal dialogue e que se preocupe por todos, vostedes compóñenllas absolutamente solos.

Imos votar en contra desta moción porque é contraditoria, porque estamos facendo tódalas actualizacións que son necesarias e é apuntarse o tanto e efectivamente porque hai unha contradición na proposta. Eu si quero dicir dúas cuestións con total rotundidade, actualizacións as que sexan necesarias e as imos facendo, pero tamén e para a súa tranquilidade, tal e como di vostede, todos aqueles que tiñan

tarxeta de acceso para aparcar no Casco Vello, porque era unha cuestión que se podía interpretar de distinta forma, vana ter. Cando regulemos novamente este tema e cando se é necesario fagamos algunhas actualizacións xa veremos, pero teña vostede a garantía, a teñan os cidadáns e de feito a poden ter porque os casos, que non son moitos, en canto a ese problema e disfunción administrativa que pode existir de interpretación, xa os resolvemos.

Polo tanto, felicidades estimada Sra. Silva polo ben que está o Casco Vello e pola tarefa que se fixo.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Respondendo ao Sr. Domínguez e tamén ao Sr. Font, indubidablemente buscan algunha xustificación para votar en contra da moción pero a verdade é que contradición na moción non hai, solicítase unha actualización indubidablemente dunha normativa que está deficitaria porque xera problemas, que é o único que se pide nesta moción e se lle pide indubidablemente lle solucione os problemas dos veciños que quedan nestas rúas porque se lles ía quitar as tarxetas, nin máis nin menos, iso é o que di a moción, iso é o que entenderon absolutamente todos.

Ademais, indubidablemente non me escoitan cando falo porque neste Pleno soe pasar que non é o suficientemente serio e a xente ven aquí a facer outras cousas máis que pensar nos cidadáns, algúns de vostedes falan de apuntarse tantos. Mire Sr. Font, eu non veño aquí a apuntarme tantos, eu veño a intentar solucionar problemas dos cidadáns que reclaman, nin máis nin menos, dáme igual que o solucionen porque teñen que solucionarlos vostedes que están no goberno, entón se actualizan a ordenanza, benvido sexa, non sei se a estaban actualizando ou non, a verdade é que o técnico municipal cando falei con el non me dixo nada sobre isto, o cal paréceme un pouco raro, pero se a actualizan benvido sexa.

Eu estou encantado que o Casco Vello se desenvolva e que haxa 132 actuacións, pero tamén é verdade que iso é digamos gracias a tódolos cidadáns de Vigo que poñen os seus cartos, non ó Concello de Vigo, iso é tódolos cidadáns de Vigo e parte de Galicia porque aquí a Xunta de Galicia pon o 90% do Orzamento do Casco Vello.

Outra cousa, indubidablemente que non me escoitan cando falo de que é unha proposta integral, cando falo ao principio da moción de que é un tema de

movilidade, que hai unha problemática tremenda de aparcadoiros e non quero entran no fondo disto, non só nesta zona en rúa Zamora, Barcelona, na Zona de Castrelos, na zona Teis, en moitas zonas da cidade e levan sete anos gobernando sen solucionar estes problemas de mobilidade. Falamos antes de bus urbano, e levan sete anos tamén, agora por fin a ver se somos capaces de solucionar o tema do transporte metropolitano, pero é increíble que como vostede dicía na anterior moción, un goberno despois de sete anos non de solucións básicas aos cidadáns. Isto só era un tema puntual que sufrirá no seu momento tamén o Casco Vello do Barrio de Bouzas que tamén ten problemas de aparcadoiro que o Alcalde dixo moitas veces que ía facer un aparcadoiro e a Sra. Porro tamén o dixo e ao final aquí ninguén fixo absolutamente nada e o Alcalde leva sete anos gobernando e non da solución a ningún dos problemas reais desta cidade.

VOTACIÓN: Con once votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, once votos en contra do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación co seguinte resultado: once votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, dez votos en contra do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos e maila do Sr. Fernández Pérez, do grupo municipal Socialista, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 12.11.2014 (Rex. Nº 1004/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

4.A.1(220).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL MARQUE COMO OBXECTIVO DA SAÚDE LABORAL A DESHABITUACIÓN TABÁQUICA ENTRE TRABALLADORES E FUNCIONARIOS. EXPTE. 1016/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de novembro de 2014, número 1016/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, formula a seguinte,

MOCIÓN:

Conmemoramos esta semana e concretamente o mércores 19 o día internacional da enfermidade pulmonar obstrutiva crónica (EPOC) na que as sociedades médicas e colexios profesionais saíron das institucións sanitarias para petar nas portas das administracións, mais concretamente nos concellos para implementar actuacións que poidan concienciar á poboación sobre una enfermidade infradiagnosticada e previble.

Catorce mil vigueses entre 40 e 80 anos padecen esta enfermidade causada principalmente polo tabaco que provoca una obstrución da vía aérea que ocasiona no individuo sensación de falla de aire que lle impide a realización das actividades ordinarias.

Non hai nada mais efectivo para previla que afondar na educación para a saúde dende o colexio ate o ámbito laboral. Toda a poboación ten que ser consciente dos efectos nocivos do tabaco e de que a EPOC está intimamente ligada ao seu consumo. O impacto que ten sobre a calidade de vida e o absentismo laboral que se lle asocia fai que a maioría das empresas con compromiso social estean xa comprometidas na deshabitación dos seus traballadores. Os servizos de saúde

laboral e prevención de riscos laborais no Concello de Vigo non realizan programas de deshabitación tabáquica dende fai oito anos a pesar de ter obtido bos resultados na derradeira actuación nesta liña.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguintes acordos:

- 1.- Que o Concello de Vigo marque como obxectivo de saúde laboral a deshabitación tabáquica entre traballadores e funcionarios.
- 2.-Se financie dende o Concello o custe de alomenos cinco tratamentos sustitutorios por ano para estes traballadores.

DEBATE:

SRA. CENDÓN ALONSO: O pasado mércores día 19, foi o día mundial da enfermidade pulmonar obstrutiva crónica, a denominada EPOC. Diversos actos en todo o mundo contribuíron a visibilizar un problema que pronto será a terceira causa de morte no mundo, e EPOC é unha patoloxía crónica que se caracteriza polo obstrución progresiva das vías aéreas e que provoca sensación de falla de aire e dificulta a respiración nos que a padecen. O tabaco é o principal responsable desta patoloxía e o 90% dos casos de EPOC están relacionados co consumo durante anos, afecta a máis de dous millóns de españois, 50 persoas morrerán hoxe no noso país por EPOC, insisto, 50 persoas están morrendo hoxe pola EPOC, e sen embargo só sete de cada dez saben que a padecen. Este infradiagnóstico da enfermidade e o feito de que esteamos falando dunha enfermidade que se pode previr, fai que as sociedades médicas, como a de neumoloxía ou a de cirurxía torácica, esfórcense cada ano en campañas de rúa para visibilizar esta enfermidade. Na nosa cidade, ao longo da semana na que o conmemoramos, mantivéronse charlas informativas, instalouse unha carpa na Praza da Princesa na que ademais de achegar a información á cidadanía, realizáronse espirometrías para medir a función e a capacidade pulmonar. Hoxe mesmo vimos que os neumólogos do noso hospital achegáronse aquí ao Pleno para realizar espirometrías, unha proba sinxela e non cruenta que é a de maior utilidade para o diagnóstico da EPOC, iso era era precisamente o que pretendían, facer ver que a espirometría é unha proba moi sinxela, pouco cruenta e que é fundamental para o diagnóstico. Pretendían iso e pretendían concienciar nos a nós, aos concelleiros e á administración municipal e ao

resto da cidadanía de que esta proba é moi importante que a fagamos e que eles pediron que a sociedade contribuía a súa labor.

Agradecemoslle aos neumólogos, médicos de cabeceira e a tódolos traballadores sanitarios desta cidade a súa loita pola EPOC, porque a nosa cidade non en vano é a que máis espiometrías realiza dentro da nosa comunidade autónoma, estamos moi por enriba da media da comunidade galega e moi por enriba da media de España, gracias a que se instalaron espirómetros en tódolos centros de saúde e hai unha magnífica colaboración entre este servizo de neumoloxía e atención primaria para realizar estas probas.

Sabemos que a loita fronte a EPOC, camiña en paralelo á loita fronte ao tabaquismo e por iso dende hai algúns anos, xa grandes empresas como o Corte Inglés, o Banco Bilbao Biscaia, o Banco Santander preocupados polo saúde dos seus traballadores implicáronse e fan programas de deshabitación tabáquica asumindo os tratamentos farmacolóxicos substitutivos naqueles traballadores que queren sumarse, porque non é fácil deixar o hábito, eu sei moi ben porque custoume bastante deixalo.

O Concello de Vigo hai máis de oito anos que non puxo en marcha ningún programa de deshabitación, a pesar dos magníficos resultados obtidos co realizado entón. Por este motivo, dende o Partido Popular consideramos que a mellor contribución para apoiar a loita fronte a esta enfermidade crónica, é axudar a aqueles traballadores municipais fumadores que desexen abandonar o hábito.

Propoñemos polo tanto, que nos controis anuais de saúde aos traballadores do Concello se realice despistaxe de enfermidade pulmonar obstrutiva crónica, e se marque como obxectivo a captación daqueles subsidiarios de ser incluídos nalgún programa de deshabitación tabáquica. Propoñemos tamén a realización destes tratamentos de deshabitación tabáquica dende o servizo de prevención do Concello, propoñemos que o Concello financie os tratamentos farmacolóxicos substitutivos naqueles traballadores que se inclúan neste programa, que seguramente non serán moitos porque a poucos lles fai falla este tipo de tratamentos.

SR. ALONSO PÉREZ: Alégrome que parece que a Sra. Cendón, polo que acaba de dicir, ten superado o problema porque xa me empezaba a preocupar porque van

dúas mocións referidas a este tema e moi ben que non sexa persoal, que o superara, porque realmente é un problema de saúde importante.

Hai unha cuestión que sabendo que toda a poboación ten que ser consciente dos efectos, do que significa estar enganchado a fumar e o problema que ten o consumo do tabaco, aquí hai un problema e é que o Partido Popular estamos habituando continuamente neste Pleno, a traer propostas que son razoables, que están ben polo contido, esta en concreto é razoable pero despois son eles os que teñen a responsabilidade do SERGAS, é o SERGAS onde se están facendo recortes, e é no SERGAS despois de facer unha espirometría cando realmente tes que ir facer a visita ao neumólogo, ao especialista, tes listas de espera, entón eu realmente é un contra sentido que esteamos aquí con dor de peito porque non solucionamos cousas, cando quen as propón é o que ten as responsabilidade de solucionarlas. No Concello de Vigo xa hai en CEDRO, hai programas de deshabitación, e efectivamente débese seguir moitos pero é o SERGAS quen ten que financiarlos porque é quen ten a responsabilidade médica.

A nós parécenos moi que se traian aquí estas cuestións, pero imos apoiar o primeiro punto porque está ben que os traballadores/as do Concello pasan este obxectivo laboral, é bo, pero quen ten que financiarlo é quen ten que financiarlo, que é o SERGAS, por iso facemos unha emenda no segundo punto, estando de acordo con todo o que di a moción no primeiro punto pero que o financie que ten que financiarlo, xa digo que o Concello xa ten programas dentro de CEDRO, quen ten que financiarlo é o SERGAS por iso facemos a emenda.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Quixera responder a esta moción co máximo rigor e sobre todo co máximo respecto á proposta. Creo que está totalmente desenfocada creo que o problema non é só a EPOC, o problema é moito máis grave que todo iso, é o tabaquismo como causa non só da EPOC senón do trinta e tantos por cento dos tumores como pode ser o pulmón ou a vexiga, polo tanto eu creo que non só é o tema da EPOC que é un proceso de gran prevalencia senón é o tabaquismo en si mesmo.

Eu quería dicirlle Sra. Cendón dúas cousas, primeiro, estou de acordo na redacción da primeira proposta da súa moción, creo que está moi mal redactada, permítame que llo diga, creo que fai unha diferenciación conceptual ou quere ser entre

traballadores e funcionarios, cousa insólita e se non esta mal redactada reflicte realmente o que se podería chamar un acto falido.

En segundo lugar, respecto á segunda proposta, eu creo que se quedou corta, vostede non debería pedir cinco tratamentos, vinte, nos estaríamos dispostos a financiar vinte, pero estaríamos dispostos a financiarlos de acordo cuns criterios e eses criterios teñen que ser os que emanan dunha autoridade sanitaria, cousa que non é o caso. Polo tanto a súa proposta, que nós non imos apoiar no segundo punto, e si nos adherimos á emenda que fixo o Bloque Nacionalista Galego e a aprobaríamos nese sentido, quere dicir que é unha proposta que ten tres características graves e ademais nunha profesional que acode a este Pleno. Un, é unha chapuza, entendendo como chapuza o facer ou realizar unha cousa sen rigor, sen técnica e sen coñecemento. Dous, é demagóxica, no sentido literal da palabra, de facer cousas ou propoñer cousas que movan ao razoamento máis humano da persoa ou do público, de institucións, é dicir, facer chamadas baseándose no dor, na esperanza, no medo, etc., para conseguir un fin político. Terceiro, é unha proposta inconsistente e incoherente e dígollo ademais con tódalas palabras, é inconsistente porque non está baseada realmente no que é a razón dialéctica que hoxe ampara calquera decisión técnico-política, e segundo por é incoherente coa política do Partido Popular, que neste momentos goberna na Xunta de Galicia.

Como ven vostede Sra. Cendón, a este Pleno a pedir unha cousa despois que de o Partido Popular haxa erradicado as unidades de deshabitación tabáquica que se puxeran en marcha? Se o nega é porque descoñece que as había e se descoñece que as había é que non coñece o sistema sanitario cousa que xa me empeza a preocupar. Segundo, retirou os modelos de financiamento que había selectivos para profesionais que se chaman “traballadores de exemplo”, quere dicir, profesionais como son os médicos, os profesores, etc., nos cales había un sistema selectivo para financiar tratamentos posto que derivada un gran exemplo para os cidadáns. Polo tanto, como pode vir aquí a pedir unha cousa que vostedes laminaron o que había emerxente de deshabitación, non pode ser Sra. Cendón, só dende a demagogia, dende o descoñecemento, dende a incoherencia política e técnica pódese vir pedindo iso. Polo tanto, por favor, recapítule, nós estamos de acordo como dicía o Sr. Alonso, de apoiar a primeira proposta e a segunda nos termos en que os di, o demais, lamentablemente non o poderíamos facer porque si somos coherentes e si

somos neste caso e non somos demagogos.

SRA. CENDÓN ALONSO: Sr. Alonso, moitas gracias por felicitar-me de que deixara o hábito, eu digo que eu deixei o tabaco pero o tabaco non me deixa a min porque continuo coas gañas, pero espero manterme, por iso sei da dificultade de deixar un hábito que a maiores está moi tolerado pola sociedade.

Eu non estou falando de asistencia sanitaria, estou falando dun programa de prevención en traballadores, estou falando de empresas, e o Concello é unha empresa, o SERGAS, como empresa, tamén ten programas para os seus traballadores, a Consellería de Sanidade tamén os ten, non só iso senón que pódolle dicir que unha compañeira que se adheriu a el para promocionalos, fixeron un sorteo dunha viaxe e tocoulle, a unha compañeira que teño ao carón, había que ter a garantía de que se deixaba o hábito.

Realmente eu, o único que pretendo, non podo aceptar isto que di que o financie o SERGAS porque estou falando dun programa de saúde laboral neste Concello, para traballadores e funcionarios, non é un problema de redacción, Sr. Rodríguez Escudero, hai funcionarios, hai persoal laboral e nós, os que estamos aquí presentes, facemos os recoñecementos de empresa pero non somos funcionarios da administración local, pero a pesares de todo poderíamos estar incluídos neste programa que eu propoño.

Non falei doutras enfermidades, centreime unicamente na EPOC por unha razón moi sinxela, porque era a única enfermidade que se celebraba na semana do mércores 19, unicamente por iso, sei perfectamente cales son as incidencias do tabaquismo noutras enfermidades, pero estabamos a falar da conmemoración da EPOC, e deixar de fumar é moito máis eficaz para EPOC que calquera tratamento dos que utilizamos para combatela, Julio Ancochea que é o presidente da estratexia do EPOC para o sistema nacional da saúde, é galego, é un home moi cordial que ten moito traballo feito en torno ao tabaquismo, é un galego de Trives, o outro día facía un chamamento ás administracións locais para colaborar neste loita, o Concello de Madrid xa se adheriu e outros concellos estanse adherindo. O único que eu pretendía era que nós désemos como Concello de Vigo un paso máis para velar pola saúde dos traballadores e porque diminuíra o absentismo e mellorará a calidade de vida dos funcionarios e dos traballadores do Concello.

PRESIDENCIA: Rematado o debate cumpre primeiro pronunciarse sobre as propostas de emenda do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista, Sra. Cendón.

Sometemos a votación a moción nos termos nas que está a proposta.

VOTACIÓN: Con doce votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro e catorce votos en contra do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.11.2014 (Rex. Nº 1016/1101), pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

Non se formularon.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

6.1(221).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SRA. VELOSO RIOS, RELATIVO Á COLOCACIÓN DE PICTOGRAMAS EN ESPAZOS PÚBLICOS.

SRA. VELOSO RÍOS: Dende o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego temos tres preguntas, a primeira é sobre a moción que se aprobou no mes de xuño para a colocación de pictogramas en espazos públicos, quixéramos saber se hai algo feito ou previsto, polo menos á vista non o hai, se nos pode informar o goberno dos prazos que teñan previstos para a colocación deses pictogramas en espazos públicos.

PRESIDENCIA: Contestamos por escrito.

6.2(222).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO ÁS OBRAS QUE SE ESTÁN A FACER NO SERVIZO SÚBETE AO CASTRO.

SRA. VELOSO RÍOS: A segunda pregunta é sobre o servizo “súbete ao Castro”, que está pechado, apareceu un cartel dicindo que está pechado por obras e gustaríanos ter información sobre que obras se están realizando no “súbete ao Castro”, que prazo está previsto porque non atopamos ningún expediente relativo ás obras no “súbete ao Castro” e gustaríanos saber cando está previsto reabrir o servizo.

PRESIDENCIA: Tamén lle contestaremos por escrito.

6.3(223).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO ÁS NOVAS BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA.

SRA. VELOSO RÍOS: Por último, agardando tamén resposta por escrito, o único que esperamos é recibir as respostas por escrito que nalgunha pregunta anterior aínda está pendente de recibir. A terceira pregunta é sobre a concesión das axudas de emerxencia, temos información de que se están elaborando unhas novas bases para a concesión de axudas de emerxencia para o 2015 e gustaríanos tamén ter información sobre esa proposta de novas bases, quizás se puidese facer chegar aos grupos municipais para saber en que sentido se quere modificar a concesión das axudas de emerxencia.

PRESIDENCIA: A esa contestámoslle, coñeceráa cando se publique.

6.4(224).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. PÉREZ DÁVILA, RELATIVO Á ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE.

SR. PÉREZ DÁVILA: Sr. Presidente, o pasado 8 de novembro vostede acudiu a Bembrive a unha reunión medio clandestina, sen publicidade, nun recinto privado, sen convidar aos axentes sociais da parroquia para falar sobre entidades locais menores en España. Falou vostede alí do perigo real da desaparición da Entidade Local Menor de Bembrive polas irregularidades do Goberno Socialista, falou polo presunto saqueo continuado que o Partido Socialista de Vigo está levando a cabo en Bembrive coa complicidade deste Concello que non actúa ante ilegalidades urbanísticas, e falou vostede alí co pedáneo de Bembrive, funcionario deste Concello, sobre a súa imputación por suborno, tráfico de influencias e malversación de fondos públicos.

PRESIDENCIA: Contestámoslle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e trinta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada

coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.